

Programación didáctica

BAC

DEPARTAMENTO	Debuxo	
MATERIA OU ÁMBITO	Fundamentos da arte II	
CURSO E GRUPOS	2º Bacharelato	
PROFESORADO	M ^a Teresa Piñeiro Mondelo	
LIBRO DE TEXTO	No	
	Ano de implantación	

Índice

Rexenerar co cursor no índice e premendo F9 (actualizar campos)

1.	Introdución e contextualización	3
2.	Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	6
3.	Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso	14
4.	Concreción de cada estándar de aprendizaxe a valiable:	36
5.	Concrecións metodolóxicas	37
5.1	Concrecións metodolóxicas para o ensino presencial	58
5.2	Concrecións metodolóxicas para o ensino telemático	59
5.3	Concrecións metodolóxicas para o ensino semipresencial	60
6.	Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar	60
7.	Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción	61
7.1	Criterios de avaliación	61
7.2	Criterios de cualificación	63
7.3	Criterios de promoción	64
8.	Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente	64
9.	Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	66
10.	Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato	66
11.	Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados	66
12.	Medidas de atención á diversidade	66
13.	Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda	67
14.	Actividades complementarias e extraescolares	68
15.	Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora	69

1. Introducción e contextualización

Introdución xeral

Marco legal anterior:

A Lei orgánica 8/2013, no capítulo III determina que se entende por currículo o conxunto de obxectivos, competencias, contidos, criterios de avaliación, estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis de cada unha das ensinanzas e etapas educativas reguladas pola citada Lei. O Real decreto 1105/2014, de 26 de decembro, establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato. O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo a Lei 8/2013, corresponde ao Goberno o deseño básico, en relación cos obxectivos, competencias, contidos e criterios de avaliación, estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis, co fin de asegurar unha formación común e o carácter oficial e a validez en todo o territorio nacional das titulacións ás que se refire esta Lei Orgánica. Non obstante, dentro dos límites establecidos polas Administracións, os centros docentes desenvolverán e complementarán, no seu caso, o currículo e as medidas de atención á diversidade establecidas polas Administracións educativas, adaptándoos ás características do alumnado e á súa realidade educativa co fin de atender a todo o alumnado.

De acordo co artigo 24 do RD 1105/2014, o Bacharelato ten como finalidade proporcionar ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lles permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará ao alumnado para acceder á educación superior.

A esta normativa de carácter xeral engádese este ano a emanada en relación coa pandemia da COVID 19:

- A Orde 3,5/2020, do 22 de abril, do Ministerio de Educación e Formación Profesional, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019/2020 e o inicio do curso 2020/2021, determina que as administracións educativas poderán autorizar para todo ou parte do curso 2020/2021 unha organización curricular excepcional, que garanta a consolidación, adquisición, reforzo ou apoio das aprendizaxes afectadas pola situación do terceiro trimestre do presente curso, por parte de todo o alumnado.

- As Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, que determinan as liñas para a preparación do curso 2020/2021 co obxecto de que os centros e o profesorado organicen plans de recuperación e adaptación do currículo e das actividades educativas para o curso 2020/2021, coa finalidade de permitir o avance de todo o alumnado e especialmente do que ten máis dificultades.

- A Orde EFP/5,1/2020, do 20 de xuño, pola que se publican acordos da Conferencia Sectorial de Educación, para o inicio e o desenvolvemento do curso 2020/2021 establece que as administracións educativas adoptaran as medidas que correspondan para dar resposta a posibles alteracións das actividades lectivas presenciais.

- Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/2021, establece as medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben adoptarse no inicio do desenvolvemento do curso escolar 2020/2021, tanto polo persoal docente e non docente como polo alumnado e as súas familias, co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19.

- As Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

En consecuencia, ademais dos aspectos habituais, ás programacións didácticas terán en conta as aprendizaxes imprescindibles que non se adquiriron no curso 2019-2020 e a posibilidade de que se produza a necesidade de alternar períodos de docencia presencial, con outros telemáticos ou ben a implantación do ensino semipresencial.

Curso 2020-2021

A Lei Orgánica 3/2020, de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, deroga a Lei Orgánica 8/2013 e prescinde dos estándares de aprendizaxe como elemento prescriptivo do currículo (art. 6 bis). Con todo, a Disposición transitoria segunda bis da devandita Lei Orgánica 3/2020 indica que estes estándares de aprendizaxe avaliábeles terán carácter orientativo ata a implantación das modificacións introducidas no currículo, na organización e nos obxectivos de EP, ESO e BAC.

Segundo o calendario de implantación da Lei Orgánica 3/2020, a introdución dos novos currículos comezará o curso 2022-2023; polo tanto, con excepción do carácter orientativo dos estándares de aprendizaxe, seguen vixentes o Real decreto 1105/2014, de 26 de decembro, que establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato e máis o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A esta normativa curricular engádese este ano o Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021/2022 e máis a Resolución do 10 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a adopción de medidas organizativas nos centros educativos como consecuencia da pandemia da COVID-19.

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOMLOE), derogou a LOMCE e introduciu importantes modificacións na LOE lei vixente desde 2006.

Na devandita Lei, que entrou en vigor o 19 de xaneiro de 2021, establécese un calendario de implantación das distintas modificacións. Polo que respecta ás modificacións relativas ao currículo, organización e obxectivos da ESO e o Bacharelato non se implementarán ata o curso 2022-2023 para os cursos de 1º e 3º de ESO e 1º de BAC, e o curso 2023-2024 para 2º e 4º de ESO e 2º de BAC.

Por conseguinte, no curso 2021-2022 continuaremos coa Lei orgánica 8/2013, a cal no capítulo III determina que se entende por currículo ou conxunto de obxectivos, competencias, contidos, criterios de avaliación, estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeles de cada unha das ensinanzas e etapas educativas reguladas pola citada Lei.

No presente curso, introduciranse os cambios que afectan as condicións de acceso aos distintos ensinos, avaliación e condicións de cada etapa, condicións de titulación da ESO, FPB e Bacharelato.

Unicamente sinalar que para a obtención do título de bacharelato será necesaria a avaliación positiva en todas as materias e regularase a posibilidade de titular, excepcionalmente e en determinadas condicións, cunha materia suspensa.

Contextualización da materia:

A materia de Fundamentos da Arte pretende proporcionar ao/á estudante unha visión de conxunto dalgúns dos fitos máis sobresaíntes das disciplinas relacionadas coas artes plásticas, audiovisuais e musicais, e coa danza, así como as artes decorativas, a vestimenta, etc. Recolle as principais manifestacións artísticas e culturais desenvolvidas desde a Antigüidade ata os nosos días, así como as ideas que as promoveron, a súa linguaxe artística e os/as artistas máis sobresaíntes de cada época. Con ela trátase de transcender o estudo da historia da arte como simple sucesión de fases ou historicismos, para chegar á comprensión profunda da atmosfera cultural, estética e social imperante en cada época, que determina a produción artística resultante e a intencionalidade dos/das creadores/as fronte ás súas obras.

A través do estudo das manifestacións artísticas do ser humano preténdese que o alumnado afonde nun modo de coñecemento do mundo non discursivo e, xa que logo, non baseado en ámbitos de investigación que procedan unicamente de métodos sistemáticos, racionais e posicionalais.

Introdución xeral

O devandito suposto pode resultar contraditorio coa forte sistematización da materia coa que estamos a tratar. Porén, cremos que resulta útil para simplificar a complexa tarefa de abordar o que é a arte e cales son os seus elementos fundamentais, sobre todo en alumnos e alumnas que empezan a súa formación neste campo dentro do sistema educativo.

Tratarase de que o/a estudante consiga comprender as creacións artísticas e culturais que o/a rodean estudando a súa orixe, a idea de partida, e relacionándosco tempo en que se crearon, así como a súa plasmación como obra creativa a través das formas e as técnicas da disciplina de que se trate. Daquela, na docencia desta materia combinaranse polo menos tres parámetros fundamentais:

As explicacións sobre a arte a partir da súa orixe como idea conceptual.

O tratamento formal co que o/a artista traballou a idea.

Os condicionantes históricos, sociais e empresariais que a rodean.

O desenvolvemento cronolóxico da creación artística deberá ser parte fundamental da organización dos contidos o longo dos dous anos de impartición, tendo presente que a base esencial desta materia é de contido plástico, máis que de contido histórico.

Será tarefa do/da docente combinar ambos os dous, de xeito que o/a alumno/a obteña unha visión global e interrelacionada das obras de arte. O obxectivo final da materia de Fundamentos da Arte é o de fomentar a capacidade de análise, xuízo e crítica persoal do alumnado, así como contribuír á súa formación como futuro/a artista e creador/a plástico/a.

Poderíamos dividir os aspectos fundamentais da materia nos seguintes puntos:

1. Abordar que é a arte e cales son os seus elementos fundamentais é tarefa complexa, con tantos matices e enfoques diferentes, que probablemente cada persoa chegue a establecer os seus propios valores acerca do que a creación artística supón na súa vida.

2. Cada individuo, en cada momento diferente da súa existencia, establece uns criterios persoais e únicos acerca do que lle gusta ou non nunha creación catalogada como artística. A educación artística na actualidade é de especial importancia xa que a utilización da información visual e musical xera capacidades de pensamento máis próximas que nunca ás requiridas para unha boa formación artística. Aplicando un criterio científico procedimental, sería conveniente mirar ao pasado e valorar o que no seu momento foron as creacións plásticas máis importantes e o que supuxeron na historia creativa dos pobos e culturas que nos precederon. Desta maneira, coñecendo o anterior, pódese valorar o actual en mellores termos. Con mellores oportunidades, con mellores elementos de xuízo. Aquí adquire especial relevancia introducir no programa os elementos máis significativos da arte galega

3. A materia busca facilitar ao alumnado unha base cultural que lle axude a mellorar a perspectiva acerca do que se considerou como obra de arte ao longo do tempo. O obxectivo principal é presentar os obxectos culturais históricos, valoralos e coñecelos para logo poder establecer as bases da propia idea sobre que é a creación artística.

4. Fundamentos da arte está concibida para impartirse ao longo dos dous cursos do Bacharelato. Neste curso desenvolveremos a parte correspondente a segundo.

5. O desenvolvemento cronolóxico da creación artística deberá ser parte fundamental da organización dos contidos ao longo dos dous anos en que se desenvolve a materia, tendo presente que a base esencial desta materia é de contido plástico, máis que de contido histórico. Por esta razón, deberá buscarse nas obras de arte a parte estética que é intemporal en todas elas.

6. A materia está concibida para impartirse ao longo dos dous cursos do Bacharelato. Durante o primeiro curso é recomendable que se incida máis nas belas artes tradicionais: arquitectura, pintura e escultura.

posto que son as máis afastadas conceptualmente da etapa vital dos estudantes.

7. O segundo curso dedicarase, sobre todo, ós séculos XIX, XX e XXI prestando unha atención especial ás creacións plásticas fundamentais neles, como son: a fotografía, o cinema, a televisión e a produción dixital.

8. Unha aprendizaxe destas características deberá favorecer a reflexión e a motivación por aprender de forma que o alumno saiba que, como e para que aprende e poida utilizar o aprendido en distintos contextos, desenvolvendo con iso a competencia máis complexa de todas: a de aprender a aprender con sentido crítico sobre a súa actuación. Por iso o profesor apoiará a participación do alumnado na adquisición de coñecementos, planificando e deseñando experiencias e actividades de aprendizaxe coherentes cos resultados esperados, tendo en conta os espazos e recursos necesarios e, ademais, guiando e axudando ós alumnos no seu proceso de aprendizaxe.

Introdución xeral

9. Neste sentido, a aula pode ser un lugar importante de debate acerca do que se entende por arte, por correntes artísticas, por importancia duns autores sobre outros. Tamén é pertinente que, na medida que sexa posible, os alumnos exerciten as técnicas e ferramentas do traballo en grupo para potenciar a aprendizaxe cooperativa a través do intercambio de ideas e de procedementos.

10. Na praxe propoñeranse actividades nas que os alumnos recoñezan a relación entre as súas propias producións e a contorna, propiciando a procura reflexiva e creativa de camiños e solucións ante dificultades que non teñen unha solución simple ou obvia, expondo situacións o máis próximas posible a contextos profesionais. Cando se propoñan tarefas de creación favorecerase a experimentación con diversas técnicas, materiais e instrumentos de índole artística, por unha banda, e a crítica de obras, tanto propias como alleas, por outro; de forma que se poida reflexionar sobre as distintas etapas do proceso de creación.

11. Finalmente, haberá que impulsar a conexión entre a materia e o panorama cultural actual, mediante visitas a exposicións ou asistencia a concertos, estas accións fose da aula aínda sendo a título persoal poderán ser avaliadas nas achegas que o alumno realiza cos seus apuntamentos, facéndoas constar. Tamén aquelas outras accións en grupo como preparar algún traballo plástico, que requiran a colaboración de dúas ou tres alumnos debido ao seu coste ou complexidade.

Desta maneira o alumno participa de forma efectiva de todo aquilo que está a aprender. Favorece a interrelación co medio vendo, escoitando e opinando. Un proxecto como este deberá propiciar a coordinación docente, que permita reflexionar sobre as propostas metodolóxicas e estratexias didácticas que vaian utilizarse e permitan a conexión entre os distintos coñecementos.

2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Competencias clave do currículo de ESO

Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliados da materia que forman parte dos perfís competenciais.

Segundo o Artigo 6.2 da Lei Orgánica 8/2013, se coñecen como competencias son “capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de acadar a realización axeitada de actividades e a resolución e eficaz de problemas complexos”.

O RD 1105/2014 precisa que as competencias do currículo serán as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

O Decreto autonómico 86/2015, que establece o currículo para a ESO e o bacharelato no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia precisa a relación entre as competencias clave e os criterios de avaliación. Deste xeito, facilítase a integración das competencias no currículo.

As competencias clave defínense como capacidades relacionadas, de maneira prioritaria, co saber facer; a consideración de funcionalidade e practicidade da competencia non a reduce a un carácter meramente mecánico; o saber facer posúe, tamén, unha dimensión de carácter teórico-comprensivo (compoñentes, claves, tarefas, formas de resolución) e tamén unha dimensión de carácter actitudinal (que permite dispoñer a bagaxe de coñecementos, a súa mobilización e a valoración das opcións). A competencia que se vincula de forma natural a este ámbito de coñecementos é a Competencia de conciencia e expresións culturais. A materia proporciona un ámbito de coñecementos e relacións que fan posible a familiarización con diferentes códigos de configuración e análise das formas artísticas. Iso implica ampliar as posibilidades de representación mental e coñecemento, así como as posibilidades de expresión e creación. Desde o principio aprenderán a captar, analizar, relacionar e apreciar os valores estéticos e culturais. O dominio desta competencia esixe identificar os elementos básicos de configuración das obras artísticas, o coñecemento dos distintos materiais, soportes e ferramentas; así como o contorna socio-cultural en determinada época. O desenvolvemento desta

Competencias clave do currículo de ESO

competencia facilitará a interpretación crítica, por parte do alumno, de formas e obxectos da contorna cultural, sendo sensible ás súas calidades plásticas, estéticas e funcionais. Ademais reconecerá a importancia dos valores culturais e estéticos do patrimonio que poden apreciarse na contorna comunitaria, español e universal contribuíndo ao seu respecto, conservación e mellora. Tamén a materia facilita o desenvolvemento da Competencia social e cívica. A materia estimula o traballo en equipo, o mantemento das áreas de traballo, o uso da aula de informática... Proporciona situacións propicias a traballar o respecto, a tolerancia, a cooperación e a flexibilidade contribuíndose á adquisición de habilidades sociais. Fundamentos de arte é unha materia que facilita, especialmente, o desenvolvemento de habilidades relacionadas coa autonomía persoal e a toma de decisións durante os procesos: formular hipóteses formais, observar, experimentar, descubrir, reflexionar, analizar, extraer conclusións. Todo iso implica unha relación clara coa Competencia de aprender a aprender e a Competencia emprendedora, que supoñen aprender a proxectar -buscar unha idea ou solución formal-, a valorar posibilidades, anticipar resultados e avalialos. No estudo e coñecemento da arte ao longo da historia, a evolución nos elementos de percepción, estruturación e representación das formas do espazo a través da xeometría, coopera tamén a que o alumnado adquira a competencia matemática. Esta competencia permite utilizar as ferramentas matemáticas na comprensión dos fundamentos da croquización e representación no plano á hora da realización de bosquejos preparatorios para os proxectos tridimensionales, ao estudo das proporcións na arte e ao uso de regras proporcionais para compoñer unha obra artística. A Competencia dixital véase favorecida polos traballos da materia relacionados coa procura de recursos gráficos e visuais en función do proxecto que se queira realizar e das finalidades do mesmo. Supón utilizar programas que permitan buscar información e documentación necesarias para o desenvolvemento dos proxectos por parte do alumno, para o seu uso autónomo e en grupo, así como a valoración de forma crítica e reflexiva da numerosa información dispoñible, o interese por utilizala como vehículo de comunicación, e, finalmente, a sensibilidade cara a un uso responsable e seguro. Finalmente, a Competencia en comunicación lingüística relaciónase co desenvolvemento das habilidades e estratexias para o uso da linguaxe verbal como vehículo para a representación mental e a comunicación na aula á hora de comprender e transmitir informacións vinculadas a datos, conceptos, principios, técnicas, materiais e instrumentos. A lectura de textos relacionados con contidos da materia é importante tamén porque permitirá familiarizarse cos comentarios e valoracións de críticos e creadores de diversos ámbitos (escultura, instalación, performance, deseño industrial, etc.), e axudará aos alumnos e alumnas a comprender, avaliar e forxar un criterio persoal. Para favorecer a oralidade, faranse presentacións en grupo sobre temas e artistas relacionados coa materia.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

- FA2.B1.9.1. Comenta o cadro "A balsa da Medusa" de Géricault, valorando a base histórica e o resultado plástico.
- FA2.B2.17.1. Describe o contexto xeral en que xorde a cinematografía e os seus pioneiros.
- FA2.B3.12.1. Analiza a arte de Van Gogh.
- FA2.B5.2.1. Comenta as obras surrealistas de Jean Arp, Joan Miró e a pintura metafísica de Giorgio de Chirico.
- FA2.B6.7.3. Debate acerca da relación entre luxo e artesanía utilizando, entre outros exemplos, a empresa Patek Philippe.
- FA2.B8.1.1. Analiza as artes fascista e comunista, e establece diferenzas e semellanzas.
- FA2.B9.6.1. Analiza o dominio europeo da cinematografía americana e a obra dos grandes directores norteamericanos, nomeadamente John Ford e John Houston.
- FA2.B10.10.1. Recoñece o paso da televisión a ser un fenómeno de comunicación de masas.
- FA2.B12.2.1. Comenta o concepto iconoclasta do islamismo radical, en referencia, por exemplo, á destrución das imaxes de Buda, entre outras posibles.
- FA2.B12.6.1. Comenta as novas coreografías relacionadas co hip-hop e o dance.
- FA2.B12.9.1. Analiza as claves da produción de series para televisión.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA MATEMÁTICA E DAS COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIAS E TECNOLOXÍA

- FA2.B1.12.1. Identifica as primeiras impresións fotográficas.
- FA2.B1.15.1. Comenta a relación entre a reloxaaría da época e o bronce dourado ao mercurio.
- FA2.B2.13.1. Comenta as formulacións estéticas de William Morris.
- FA2.B2.15.1. Identifica a técnica do retrato utilizada por Nadar.
- FA2.B3.1.1. Relaciona a descuberta da descomposición da imaxe e en cores primarias e a súa relación coa técnica impresionista.

Competencias clave do currículo de ESO

- FA2.B3.2.1. Diferencia a construción de cores coa luz da creación cos pigmentos.
- FA2.B8.7.1. Comenta a técnica da fotografía nocturna e as creacións de Gyula Halász "Brassai".
- FA2.B8.8.1. Explica a técnica da colaxe e a súa utilización no cartel de propaganda política, sobre todo na obra de Josep Renau.
- FA2.B9.1.1. Explica a idea: "a función fai a forma".
- FA2.B10.5.1. Comenta as claves do son musical monofónico, estereofónico, dolby, 5.1 e 7.1.
- FA2.B11.10.1. Explica a evolución da técnica televisiva desde o branco e negro á cor.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA DIXITAL

- FA2.B1.4.1. Identifica os principais edificios españois da época: teatro Romea (Murcia), teatro Falla (Cádiz), teatro Campoamor Oviedo), Arco do Triunfo e Pazo de Xustiza (Barcelona), etc.
- FA2.B2.11.1. Recoñece os traballos de deseño e vestuario de Mariano Fortuny e Madrazo.
- FA2.B3.17.1. Analiza os intercambios recíprocos entre a cinematografía e as vangardas noutras disciplinas da arte.
- FA2.B5.7.1. Analiza a importancia do ballet ruso, utilizando a obra de Serguéi Diághilev e Nijinsky.
- FA2.B6.8.1. Analiza a música dodecafónica, utilizando composicións, entre outras, da obra musical de Arnold Schönberg, Anton Webern ou Alban Berg.
- FA2.B7.4.1. Analiza a importancia para o cine da obra creativa de Walt Disney.
- FA2.B8.6.1. Analiza as claves da fotografía de guerra, especialmente na obra de Robert Capa, Agustí Centelles ou "Alfonso".
- FA2.B8.10.1. Explica a importancia dos estudos de cine de Hollywood.
- FA2.B9.10.1. Analiza a industria da moda de alta costura aplicando, entre outras, a obra creativa de Cristóbal Balenciaga.
- FA2.B10.6.1. Analiza as claves da música pop.
- FA2.B11.5.1. Comenta a evolución dos pasaxes de modelos a espectáculos audiovisuais.
- FA2.B12.5.1. Describe a importancia de internet na arte actual.
- FA2.B12.5.2. Analiza a tecnoloxía dixital e a súa relación coa creación artística.
- FA2.B12.5.3. Explica o potencial difusor da creación artística que supón YouTube e outras plataformas similares.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER

- FA2.B1.8.2. Compara a obra de Goya de características expresionistas con obras de contido formal similar noutras épocas e culturas.
- FA2.B2.1.1. Relaciona o internacionalismo político europeo e a chegada a Europa da arte de Oriente.
- FA2.B3.6.1. Compara os cadros historicistas coas obras de Pissarro ou Sisley.
- FA2.B4.1.1. Identifica os elementos diferenciadores da arte modernista fronte ao xeometrismo da Art Decó e os neoestilos anteriores.
- FA2.B5.3.1. Describe o surrealismo no cine, utiliza a obra de Dalí e Buñuel "Un can andaluz" e o resto da filmografía de Luis Buñuel: "A idade de ouro", "Viridiana" e outras.
- FA2.B6.1.1. Comenta a relación entre o desenvolvemento económico mundial e o auxe da Art Decó.
- FA2.B6.3.1. Compara a escultura de Pablo Gargallo e de Constantin Brancusi.
- FA2.B7.1.1. Analiza a representación plástica do crack bolsista de 1929 en Estados Unidos.
- FA2.B8.2.1. Compara a arquitectura de ambas as ideoloxías, principalmente en Berlín e en Moscova.
- FA2.B9.2.4. Compara o moble funcionalista con outros estilos anteriores e posteriores.
- FA2.B10.13.1. Analiza a importancia da moda francesa, con referencia ás creacións de Yves Saint Laurent.
- FA2.B11.5.3. Identifica as claves estilísticas dos principais deseñadores de moda: Alexander McQueen, Valentino, Chanel (Lagerfeld), Dior (John Galliano), Armani, Versace, Calvin Klein, Tom Ford e Carolina Herrera.
- FA2.B12.9.2. Expón os factores do éxito de audiencia nas series para televisión, e dá exemplos.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DAS COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

- FA2.B1.3.1. Relaciona o romanticismo e o auxe do nacionalismo.
- FA2.B2.5.1. Compara a obra de Rodin e Camille Claudel e establece as conclusións pertinentes.
- FA2.B3.3.1. Relaciona os temas artísticos e a súa aplicación á arte: simbolismo, erotismo, drogas e satanismo.
- FA2.B3.10.1. Compara a obra pictórica das pintoras Berthe Morisot e Mary Cassatt cos pintores coetáneos.
- FA2.B3.13.1. Debate acerca da posible relación entre a vida e a obra en Van Gogh.

Competencias clave do currículo de ESO

- FA2.B5.1.1. Relaciona as ideas sobre a psicanálise de Sigmund Freud e as creacións surrealistas, especialmente co método paranoico-crítico de Salvador Dalí.
- FA2.B6.4.1. Comenta a obra pictórica da pintora Tamara de Lempicka.
- FA2.B6.5.1. Explica as claves artísticas do musical, relacionándoo co Folies Bergère, o Moulin Rouge, o Cotton Club e a traxectoria artística e persoal de Joséphine Baker.
- FA2.B6.7.2. Analiza o concepto do luxo en relación á arte, por exemplo na xoiaría.
- FA2.B6.11.1. Analiza a revolución no traxe feminino que supuxo a obra de Coco Chanel.
- FA2.B7.2.1. Comenta a obra fotográfica de Dorothea Lange e Walker Evans.
- FA2.B8.5.1. Explica a relación entre a música de Wagner e o fascismo alemán.
- FA2.B9.8.1. Comenta a cinematografía española e a importancia dos estudos Bronston.
- FA2.B10.6.3. Explica as claves do movemento Fans.
- FA2.B10.12.3. Recoñece a importancia do baile flamenco no mundo, con referencia á danza e ás coreografías de Carmen Amaya e Antonio Gades.
- FA2.B11.3.1. Analiza a forza da música pop e a súa capacidade de crear acción política, explicando o fenómeno musical "Live Aid".
- FA2.B11.4.1. Comenta a eclosión da moda como fenómeno de masas.
- FA2.B11.9.2. Analiza en termos de diversidade e complementariedade o cine español feminino e masculino.
- FA2.B11.10.2. Relaciona a televisión e os grandes eventos seguidos en directo a través dela: olimpíadas, fútbol, concertos e guerras.
- FA2.B12.1.1. Analiza as manifestacións artísticas relacionadas co ecoloxismo utilizando, entre outras, as fotografías de Ansel Adams, a película "Dersu Uzala", ou os documentais de Félix Rodríguez de la Fuente ou do National Geographic.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA EN SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPREENDEDOR

- FA2.B1.1.1. Analiza o sentimento romántico e a súa relación coa arte.
- FA2.B2.12.1. Explica o movemento inglés "Arts and Crafts".
- FA2.B3.11.1. Explica a concepción pictórica de Rousseau.
- FA2.B3.19.1. Explica a importancia do cartel publicitario.
- FA2.B3.23.1. Explica o cartel e a obra gráfica de Henri de Toulouse-Lautrec.
- FA2.B6.7.1. Compara a tipoloxía das xoias decó, por exemplo Cartier, coas doutras épocas.
- FA2.B7.5.3. Analiza as claves sociolóxicas e persoais dos superheroes do cómic: "Superman", "Batman" e "Capitán América".
- FA2.B7.7.1. Recoñece as principais películas españolas da época, tendo en conta a relación da súa creación coa produtora Cifesa.
- FA2.B8.4.1. Identifica as películas de Leni Riefensthal: "Olympia" e "O triunfo da vontade".
- FA2.B8.6.3. Relaciona a actitude vital e artística dos fotógrafos da axencia Magnum.
- FA2.B8.10.2. Analiza as claves do nacemento das grandes compañías norteamericanas de cine: Warner Brothers, United Artist, Columbia e Metro-Goldwyn-Mayer.
- FA2.B9.4.1. Relaciona a escola alemá Bauhaus co deseño industrial.
- FA2.B9.5.1. Recoñece as claves do éxito do cómic español, incidindo na obra de Francisco Ibáñez e na súa relación coa editorial Bruguera.
- FA2.B9.8.1. Comenta a cinematografía española e a importancia dos estudos Bronston.
- FA2.B10.8.1. Comenta o rexurdimento do gran cine norteamericano coa obra cinematográfica de Francis Ford Coppola.
- FA2.B11.5.2. Explica o auxe dos/das deseñadores/as nos medios de comunicación de masas.
- FA2.B11.6.1. Analiza a obra musical e artística de Michael Jackson e Madonna.
- FA2.B11.7.1. Explica a importancia das compañías de danza e das coreografías de Sara Baras e de Joaquín Cortés.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS

- FA2.B1.15.1. Comenta a relación entre a reloxaaría da época e o bronce dourado ao mercurio.
- FA2.B1.16.1. Compara pezas fabricadas en ouro ao longo das diversas culturas da humanidade.
- FA2.B1.17.1. Explica o nacemento en Francia da danza clásica e os elementos clave que a compoñen.
- FA2.B2.1.1. Relaciona o internacionalismo político europeo e a chegada a Europa da arte de Oriente.
- FA2.B2.1.2. Comenta a Guerra de Secesión norteamericana e a súa influencia na arte.
- FA2.B2.2.1. Identifica os edificios relacionados cos movementos neogótico e neomodéxar.
- FA2.B2.3.1. Relaciona as exposicións universais de París e Londres coa arquitectura.
- FA2.B2.3.2. Identifica os elementos principais da erección da torre Eiffel.

Competencias clave do currículo de ESO

- FA2.B2.4.1. Explica a evolución do clasicismo de Canova ao expresionismo de Rodin.
- FA2.B2.4.2. Analiza a obra de Camille Claudel.
- FA2.B2.5.1. Compara a obra de Rodin e Camille Claudel e establece as conclusións pertinentes.
- FA2.B2.6.1. Identifica a escultura española, especialmente a obra de Mariano Benlliure.
- FA2.B2.7.1. Identifica a pintura orientalista europea (francesa, inglesa, etc.) cos orientalistas españois, por exemplo Mariano Fortuny.
- FA2.B2.8.1. Relaciona a obra pictórica historicista dos pintores Eduardo Rosales, Francisco Pradilla e Alejandro Ferrant.
- FA2.B2.9.1. Recoñece a obra dos pintores "pompier" franceses: Bouguereau, Cormon, Alexandre Cabanel e Jean-Léon Gérôme, entre outros.
- FA2.B2.10.1. Relaciona o retrato pictórico de Madrazo e Franz Xaver Winterhalter.
- FA2.B2.11.1. Recoñece os traballos de deseño e vestuario de Mariano Fortuny e Madrazo.
- FA2.B2.12.1. Explica o movemento inglés "Arts and Crafts".
- FA2.B2.13.1. Comenta as formulacións estéticas de William Morris.
- FA2.B2.14.1. Analiza a obra pictórica do movemento prerrafaelita.
- FA2.B2.15.1. Identifica a técnica do retrato utilizada por Nadar.
- FA2.B2.16.1. Compara o retrato en pintura co retrato coetáneo en fotografía.
- FA2.B2.17.1. Describe o contexto xeral en que xorde a cinematografía e os seus pioneiros.
- FA2.B2.18.1. Recoñece a obra musical dos países eslavos: Alexander Borodín, Modesto Músorgski, Piotr Ilich Tchaikovski e Bedřich Smetana.
- FA2.B2.19.1. Analiza o ballet "O lago dos cisnes", de Tchaikovski.
- FA2.B2.20.1. Comenta a música popular española: a zarzuela.
- FA2.B2.21.1. Identifica os fragmentos máis populares da zarzuela española.
- FA2.B3.1.1. Relaciona a descuberta da descomposición da imaxe en cores primarias e a súa relación coa técnica impresionista.
- FA2.B3.2.1. Diferencia a construción de cores coa luz da creación cos pigmentos.
- FA2.B3.3.1. Relaciona os temas artísticos e a súa aplicación á arte: simbolismo, erotismo, drogas e satanismo.
- FA2.B3.3.2. Analiza a obra pictórica de Odilon Redon.
- FA2.B3.4.1. Describe as principais creacións de Cézanne.
- FA2.B3.5.1. Identifica os cadros máis representativos de Manet, Monet, Pissarro e Sisley.
- FA2.B3.6.1. Compara os cadros historicistas coas obras de Pissarro ou Sisley.
- FA2.B3.7.1. Relaciona a obra pictórica de Sorolla con John Singer Sargent.
- FA2.B3.8.1. Identifica as principais obras dos pintores españois, por exemplo: Santiago Rusiñol, Ramón Casas, Anglada Camarasa, Carlos de Haes, Isidro Nonell e Joaquín Sorolla.
- FA2.B3.9.1. Identifica a técnica pictórica dos "Navis" e dos "Fauves".
- FA2.B3.9.2. Analiza algunha obra de Pierre Bonnard e Matisse.
- FA2.B3.10.1. Compara a obra pictórica das pintoras Berthe Morisot e Mary Cassatt cos pintores coetáneos.
- FA2.B3.11.1. Explica a concepción pictórica de Rousseau.
- FA2.B3.12.1. Analiza a arte de Van Gogh.
- FA2.B3.13.1. Debate acerca da posible relación entre a vida e a obra en Van Gogh.
- FA2.B3.14.1. Analiza a concepción visual da arte cubista.
- FA2.B3.14.2. Compara algunha obra cubista con outras anteriores.
- FA2.B3.14.3. Identifica as obras cubistas de Juan Gris, Pablo Picasso e Georges Braque.
- FA2.B3.15.1. Relaciona a escultura de Julio González e a de Picasso.
- FA2.B3.16.1. Compara as etapas creativas de Picasso: épocas rosa, azul, cubista e surrealista.
- FA2.B3.17.1. Analiza os intercambios recíprocos entre a cinematografía e as vangardas noutras disciplinas da arte.
- FA2.B3.18.1. Analiza os elementos formais e narrativos que se dan no cartel publicitario.
- FA2.B3.19.1. Explica a importancia do cartel publicitario.
- FA2.B3.20.1. Explica a obra gráfica dos cartelistas Jules Chéret, Alfons Mucha e Leonetto Cappiello.
- FA2.B3.21.1. Analiza a técnica xaponesa do ukiyo-e e as principais obras dos estampadores xaponeses Kitagawa Utamaro, Utagawa Hiroshige e Katsushika Hokusai.
- FA2.B3.22.1. Relaciona o gravado xaponés coas creacións europeas, sobre todo na obra de Van Gogh e de Hergé.
- FA2.B3.23.1. Explica o cartel e a obra gráfica de Henri de Toulouse-Lautrec.
- FA2.B3.24.1. Comenta a música impresionista, utilizando algunha obra de Claude Debussy ou Maurice Ravel.
- FA2.B3.25.1. Analiza a obra musical dos compositores españois Manuel de Falla, Isaac Albéniz, Enrique Granados e Salvador Bacarisse.

Competencias clave do currículo de ESO

Bloque 4. O Modernismo-Art Nouveau

- FA2.B4.1.1. Identifica os elementos diferenciadores da arte modernista fronte ao xeometrismo da Art Decó e os neostilos anteriores.
- FA2.B4.2.1. Comenta a duración cronolóxica e a extensión xeográfica do modernismo.
- FA2.B4.2.2. Explica o modernismo en Europa: Art Nouveau, Liberty, Sezession e Jugendstil.
- FA2.B4.3.1. Compara a obra arquitectónica de Antonio Gaudí, Víctor Horta e Adolf Loos.
- FA2.B4.4.1. Analiza a obra escultórica de Josep Llimona.
- FA2.B4.5.1. Identifica pezas escultóricas que poidan clasificarse como crisoelefantinas.
- FA2.B4.6.1. Comenta a obra en cartel de Alexandre de Riquer, Ramón Casas e outros cartelistas españois.
- FA2.B4.7.1. Analiza a moblaxe modernista.
- FA2.B4.8.1. Explica a importancia artística das creacións en vidro de Émile Gallé e Louis Comfort Tiffany.
- FA2.B4.9.1. Comenta a tipoloxía da xoiaría modernista, por exemplo os deseños de René Lalique e de Lluís Masriera, entre outros.

Bloque 5. O Surrealismo e outras vangardas

- FA2.B5.1.1. Relaciona as ideas sobre a psicanálise de Sigmund Freud e as creacións surrealistas, especialmente co método paranoico-crítico de Salvador Dalí.
- FA2.B5.1.2. Explica as principais características do movemento surrealista.
- FA2.B5.2.1. Comenta as obras surrealistas de Jean Arp, Joan Miró e a pintura metafísica de Giorgio de Chirico.
- FA2.B5.3.1. Describe o surrealismo no cine, utiliza a obra de Dalí e Buñuel "Un can andaluz" e o resto da filmografía de Luis Buñuel: "A idade de ouro", "Viridiana" e outras.
- FA2.B5.4.1. Comenta as claves do expresionismo alemán, nomeadamente salientable en "O gabinete do doutor Caligari", de Robert Wiene.
- FA2.B5.4.2. Analiza a importancia da película "O anxo azul", de Josef von Sternberg, e a presenza nela de Marlene Dietrich.
- FA2.B5.5.1. Explica a concepción artística dos neoplasticistas holandeses, o grupo "De Stijl".
- FA2.B5.5.2. Analiza as obras en arquitectura, pintura e moblaxe de artistas neoplasticistas: Piet Mondrian, Theo van Doesburg e Gerrit Thomas Rietveld.
- FA2.B5.6.1. Describe o movemento Dada e a obra escultórica de Jean Tinguely.
- FA2.B5.7.1. Analiza a importancia do ballet ruso, utilizando a obra de Serguéi Diághilev e Nijinsky.
- FA2.B5.7.2. Comenta a obra musical de Igor Stravinsky e a súa relación coa danza: "O paxaro de lume", "Petrushka" e "A consagración da primavera".
- FA2.B5.7.3. Describe presentacións coreográficas relacionadas con "A consagración da primavera", por exemplo o traballo de Pina Bausch.
- FA2.B6.1.1. Comenta a relación entre o desenvolvemento económico mundial e o auxe da Art Decó.
- FA2.B6.1.2. Explica a evolución desde a arte baseada na natureza (modernismo), á arte xeométrica (Art Decó).
- FA2.B6.2.1. Relaciona o Art Decó cos edificios anteriores da escola de Chicago e os edificios de Nova York, especialmente o Chrysler e o Empire State.
- FA2.B6.3.1. Compara a escultura de Pablo Gargallo e de Constantin Brancusi.
- FA2.B6.4.1. Comenta a obra pictórica da pintora Tamara de Lempicka.
- FA2.B6.5.1. Explica as claves artísticas do musical, relacionándoo co Folies Bergère, o Moulin Rouge, o Cotton Club e a traxectoria artística e persoal de Joséphine Baker.
- FA2.B6.6.1. Identifica as claves esenciais da moblaxe decó.
- FA2.B6.7.1. Compara a tipoloxía das xoias decó, por exemplo Cartier, coas doutras épocas.
- FA2.B6.7.2. Analiza o concepto do luxo en relación á arte, por exemplo na xoiaría.
- FA2.B6.7.3. Debate acerca da relación entre luxo e artesanía utilizando, entre outros exemplos, a empresa Patek Philippe.
- FA2.B6.8.1. Analiza a música dodecafónica, utilizando composicións, entre outras, da obra musical de Arnold Schönberg, Anton Webern ou Alban Berg.
- FA2.B6.9.1. Comenta a obra musical de George Gershwin e Irving Berlin.
- FA2.B6.10.1. Identifica os ritmos e diferencia a música negra americana: espiritual, blues e jazz.
- FA2.B6.11.1. Analiza a revolución no traxe feminino que supuxo a obra de Coco Chanel.
- FA2.B7.1.1. Analiza a representación plástica do crack bolsista de 1929 en Estados Unidos.
- FA2.B7.2.1. Comenta a obra fotográfica de Dorothea Lange e Walker Evans.
- FA2.B7.2.2. Compara a obra fotográfica de artistas con compromiso social coa fotografía esteticista de, por exemplo, Cecil Beaton.
- FA2.B7.3.1. Expón razoadamente a importancia da arte como denuncia social, utilizando, por exemplo, o documental "As Hurdes, terra sen pan", de Luis Buñuel.

Competencias clave do currículo de ESO

- FA2.B7.4.1. Analiza a importancia para o cine da obra creativa de Walt Disney.
 - FA2.B7.5.1. Analiza a importancia do cómic europeo, nomeadamente a obra de Hergé.
 - FA2.B7.5.2. Explica o nacemento dos superheroes norteamericanos do cómic.
 - FA2.B7.5.3. Analiza as claves sociolóxicas e persoais dos superheroes do cómic: "Superman", "Batman" e "Capitán América".
 - FA2.B7.5.4. Relaciona o cómic espacial co cine posterior, utilizando, entre outras, as aventuras espaciais de "Flash Gordon".
 - FA2.B7.5.5. Comenta a relación entre cine e cómic no caso de "Tarzán".
 - FA2.B7.6.1. Debate acerca do valor do cómic como obra de arte.
 - FA2.B7.7.1. Recoñece as principais películas españolas da época, tendo en conta a relación da súa creación coa produtora Cifesa.
 - FA2.B7.8.1. Analiza a importancia para a danza dos ballets soviéticos de principio de século.
 - FA2.B7.9.1. Identifica a música swing e a súa relación coas "big bands" americanas.
- Bloque 8. A II Guerra Mundial
- FA2.B8.1.1. Analiza as artes fascista e comunista, e establece diferenzas e semellanzas.
 - FA2.B8.2.1. Compara a arquitectura de ambas as ideoloxías, principalmente en Berlín e en Moscova.
 - FA2.B8.3.1. Comenta a evolución escultórica europea, nomeadamente salientable nas obras de Henry Moore, Antoine Pevsner e Naum Gabo.
 - FA2.B8.4.1. Identifica as películas de Leni Riefensthal: "Olympia" e "O triunfo da vontade".
 - FA2.B8.4.2. Analiza a construción narrativa visual de "O acoirazado Potemkin".
 - FA2.B8.5.1. Explica a relación entre a música de Wagner e o fascismo alemán.
 - FA2.B8.6.1. Analiza as claves da fotografía de guerra, especialmente na obra de Robert Capa, Agustí Centelles ou "Alfonso".
 - FA2.B8.6.2. Analiza a formulación ou presentación teórica da fotografía e o instante de Henri de Cartier-Bresson.
 - FA2.B8.6.3. Relaciona a actitude vital e artística dos fotógrafos da axencia Magnum.
 - FA2.B8.7.1. Comenta a técnica da fotografía nocturna e as creacións de Gyula Halász "Brassai".
 - FA2.B8.8.1. Explica a técnica da colaxe e a súa utilización no cartel de propaganda política, sobre todo na obra de Josep Renau.
 - FA2.B8.8.2. Realiza unha composición plástica mediante a técnica da colaxe.
 - FA2.B8.9.1. Comenta as claves da comedia musical norteamericana, utilizando, entre outros, as películas de Fred Astaire e de Gene Kelly.
 - FA2.B8.10.1. Explica a importancia dos estudos de cine de Hollywood.
 - FA2.B8.10.2. Analiza as claves do nacemento das grandes compañías norteamericanas de cine: Warner Brothers, United Artist, Columbia e Metro-Goldwyn-Mayer.
 - FA2.B8.11.1. Analiza as claves narrativas do xénero do suspense, nomeadamente referido á filmografía de Alfred Hitchcock.
 - FA2.B8.12.1. Describe as claves da comedia ácida ou amarga, comentando, entre outras posibles, as películas: "To be or not to be", de Ernst Lubitsch, e "O gran ditador", de Charlie Chaplin.
 - FA2.B8.13.1. Identifica as claves cinematográficas de "Casablanca", de Michael Curtiz.
 - FA2.B8.14.1. Comenta as características do cine neorrealista italiano, sobre todo nas películas "Roma, cidade aberta" e "Alemaña ano cero", de Roberto Rossellini, e "Ladrón de bicicletas", de Vittorio de Sica.
- Bloque 9. O Funcionalismo e as décadas dos 40 e dos 50
- FA2.B9.1.1. Explica a idea: "a función fai a forma".
 - FA2.B9.1.2. Comenta a frase do arquitecto Mies van der Rohe: "Menos é máis".
 - FA2.B9.2.1. Comenta as claves da arquitectura funcional.
 - FA2.B9.2.2. Explica as claves do funcionalismo orgánico escandinavo, comentando a obra de Alvar Aalto, Eero Aarnio, Arne Jacobsen e o norteamericano Eero Saarinen.
 - FA2.B9.2.3. Sinala as claves da moblaxe escandinava.
 - FA2.B9.2.4. Compara o moble funcionalista con outros estilos anteriores e posteriores.
 - FA2.B9.3.1. Identifica as principais creacións arquitectónicas de Mies van der Rohe, Frank Lloyd Wright e Le Corbusier.
 - FA2.B9.4.1. Relaciona a escola alemá Bauhaus co deseño industrial.
 - FA2.B9.5.1. Recoñece as claves do éxito do cómic español, incidindo na obra de Francisco Ibáñez e na súa relación coa editorial Bruguera.
 - FA2.B9.6.1. Analiza o dominio europeo da cinematografía americana e a obra dos grandes directores norteamericanos, nomeadamente John Ford e John Houston.
 - FA2.B9.7.1. Analiza a gran comedia cinematográfica, remarcando a obra plástica do director alemán Billy Wilder.
 - FA2.B9.8.1. Comenta a cinematografía española e a importancia dos estudos Bronston.

Competencias clave do currículo de ESO

- FA2.B9.9.1. Analiza as claves da comedia na obra cinematográfica de Luís García Berlanga.
 - FA2.B9.10.1. Analiza a industria da moda de alta costura aplicando, entre outras, a obra creativa de Cristóbal Balenciaga.
 - FA2.B9.11.1. Relaciona a obra musical de Joaquín Rodrigo co romanticismo musical anterior, sinalando a importancia mundial do "Concerto de Aranjuez".
 - FA2.B9.12.1. Comenta as claves da danza moderna e as coreografías de Maurice Béjart e Roland Petit.
B3.11. Berthe Morisot e Mary Cassatt.	B3.10. Comparar a calidade pictórica das pintoras impresionistas coas obras dos pintores masculinos, por exemplo as pintoras Berthe Morisot e Mary Cassatt.	FA2.B3.10.1. Compara a obra pictórica das pintoras Berthe Morisot e Mary Cassatt cos pintores coetáneos.
B3.12. Arte Naif: Rousseau.	B3.11. Analizar a técnica pictórica dos pintores naif.	FA2.B3.11.1. Explica a concepción pictórica de Rousseau.
B3.13. Van Gogh.	B3.12. Analizar a obra pictórica de Van Gogh.	FA2.B3.12.1. Analiza a arte de Van Gogh.
B3.13. Van Gogh.	B3.13. Debater acerca da biografía de Van Gogh e a influencia que tivo na súa pintura.	FA2.B3.13.1. Debate acerca da posible relación entre a vida e a obra en Van Gogh.
B3.14. Cubismo, ruptura dunha única visión: Juan Gris, George	B3.14. Analizar a orixe teórica e a plasmación na arte das formulacións cubistas.	FA2.B3.14.1. Analiza a concepción visual da arte cubista.

Braque e Pablo Ruiz Picasso.		FA2.B3.14.2. Compara algunha obra cubista con outras anteriores. FA2.B3.14.3. Identifica as obras cubistas de Juan Gris, Pablo Picasso e Georges Braque.
B3.15. A obra escultórica de Picasso e a súa relación con Julio González.	B3.15. Comentar a escultura española da época; a técnica da soldadura en ferro e a súa relación con Picasso e Julio González.	FA2.B3.15.1. Relaciona a escultura de Julio González e a de Picasso.
B3.16. Etapas pictóricas de Picasso.	B3.16. Clasificar a obra pictórica de Picasso nas súas etapas máis representativas.	FA2.B3.16.1. Compara as etapas creativas de Picasso: épocas rosa, azul, cubista e surrealista.
B3.17. O cine como vangarda.	B3.17. Coñecer o cine e as súas relacións coas primeiras vangardas artísticas.	FA2.B3.17.1. Analiza os intercambios recíprocos entre a cinematografía e as vangardas noutras disciplinas da arte.
B3.18. Cartel publicitario: elementos formais e narrativos.	B3.18. Identificar a tipoloxía do cartel publicitario da época.	FA2.B3.18.1. Analiza os elementos formais e narrativos que se dan no cartel publicitario.
B3.19. O cartel e a arte.	B3.19. Debater acerca da calidade artística do cartel publicitario.	FA2.B3.19.1. Explica a importancia do cartel publicitario.
B3.20. O cartel e a arte. B3.21. Carteis de Jules Chéret, Alfons Mucha e Leonetto Cappiello.	B3.20. Identificar pola súa tipoloxía as obras en cartel dos máis senlleiros artistas da súa época, por exemplo Jules Chéret, Alfons Mucha e Leonetto Cappiello.	FA2.B3.20.1. Explica a obra gráfica dos cartelistas Jules Chéret, Alfons Mucha e Leonetto Cappiello.
B3.22. Estampaxe xaponesa. Técnica do ukiyo-e. Grandes gravadores nipóns: Kitagawa Utamaro, Utagawa Hiroshige e Katsushika Hokusai.	B3.21. Analizar a técnica xaponesa do ukiyo-e e as principais obras dos estampadores xaponeses Kitagawa Utamaro, Utagawa Hiroshige e Katsushika Hokusai.	FA2.B3.21.1. Analiza a técnica xaponesa do ukiyo-e e as principais obras dos estampadores xaponeses Kitagawa Utamaro, Utagawa Hiroshige e Katsushika Hokusai.
B3.23. Influencia da estampaxe xaponesa en Europa. Vincent Van Gogh. Nacemento do cómic.	B3.22. Debater acerca da influencia do gravado xaponés coas creacións europeas, sobre todo na obra de Van Gogh e dos debuxantes da denominada "liña clara", por exemplo Hergé.	FA2.B3.22.1. Relaciona o gravado xaponés coas creacións europeas, sobre todo na obra de Van Gogh e de Hergé.
B3.19. O cartel e a arte. B3.23. O cartel publicitario e a obra pictórica e gráfica de Henri de Toulouse-Lautrec.	B3.23. Explicar o cartel e a obra gráfica de Henri de Toulouse-Lautrec.	FA2.B3.23.1. Explica o cartel e a obra gráfica de Henri de Toulouse-Lautrec.
B3.24. Música. Impresionismo: Debussy e Ravel.	B3.24. Analizar as claves da música impresionista francesa e do resto de Europa, por exemplo Debussy e Ravel.	FA2.B3.24.1. Comenta a música impresionista, utilizando algunha obra de Claude Debussy ou Maurice Ravel.
B3.25. Música española: Falla, Albéniz, Granados e Salvador Bacarisse.	B3.25. Coñecer os compositores españois e as súas obras máis representativas: Manuel de Falla, Isaac Albéniz, Enrique Granados, Salvador Bacarisse e outros.	FA2.B3.25.1. Analiza a obra musical dos compositores españois Manuel de Falla, Isaac Albéniz, Enrique Granados e Salvador Bacarisse.

Tema 4. O Modernismo e o Art Nouveau

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares
B4.1. Modernismo.	B4.1. Analizar as claves estilísticas do Modernismo, que o diferencian claramente dos estilos anteriores e posteriores.	FA2.B4.1.1. Identifica os elementos diferenciadores da arte modernista fronte ao xeometrismo da Art Decó e os neoestilos anteriores.
B4.1. Modernismo. B4.2. Fantasía arquitectónica da fin de século: Art Nouveau. B4.3. Características principais da Art Nouveau francés. B4.4. Movemento en Europa: Modernismo, Jugendstil, Sezession e Liberty.	B4.2. Debater acerca da obra modernista en Europa, a súa extensión e a súa duración cronolóxica.	FA2.B4.2.1. Comenta a duración cronolóxica e a extensión xeográfica do modernismo. FA2.B4.2.2. Explica o modernismo en Europa: Art Nouveau, Liberty, Sezession e Jugendstil.
B4.5. Arquitectura modernista europea: Víctor Horta e Adolf Loos. B4.6. Modernismo catalán: obra de Gaudí.	B4.3. Recoñecer o modernismo español, nomeadamente a obra de Antonio Gaudí.	FA2.B4.3.1. Compara a obra arquitectónica de Antonio Gaudí, Víctor Horta e Adolf Loos.
B4.7. Escultura: obra de Josep Llimona.	B4.4. Analizar a escultura modernista española, por exemplo a obra do escultor Josep Llimona.	FA2.B4.4.1. Analiza a obra escultórica de Josep Llimona.
B4.8. Esculturas crisoelefantinas.	B4.5. Recoñecer as claves estilísticas na escultura crisoelefantina.	FA2.B4.5.1. Identifica pezas escultóricas que poidan clasificarse como crisoelefantinas.
B4.9. Cartel publicitario en Cataluña: Alexandre de Riquer, Ramón Casas e outros.	B4.6. Comentar a importancia da cartelística española, nomeadamente salientable na obra de Alexandre de Riquer e Ramón Casas.	FA2.B4.6.1. Comenta a obra en cartel de Alexandre de Riquer, Ramón Casas e outros cartelistas españois.
B4.10. Moblaxe modernista.	B4.7. Identificar a tipoloxía da moblaxe modernista.	FA2.B4.7.1. Analiza a moblaxe modernista.
B4.11. Revolución no vidro. Floreiros de Émile Gallé. Lámpadas de cores de Louis Comfort Tiffany.	B4.8. Describir a evolución na técnica do vidro que supón a obra de Émile Gallé e Louis Comfort Tiffany.	FA2.B4.8.1. Explica a importancia artística das creacións en vidro de Émile Gallé e Louis Comfort Tiffany.
B4.12. Xoiaría modernista. Esmalte. Obra de Lluís Masriera.	B4.9. Analizar os elementos clave da xoiaría modernista, utilizando as obras de René Lalique e de Lluís Masriera, entre outros.	FA2.B4.9.1. Comenta a tipoloxía da xoiaría modernista, por exemplo os deseños de René Lalique e de Lluís Masriera, entre outros.

2ª AVALIACIÓN

Tema 5. O surrealismo e outras vangardas		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares
B5.1. Teorías de Sigmund Freud. Apsicoloxía. B5.2. Irracionalismo onírico. Movemento surrealista: orixe.	B5.1. Relacionar a descuberta da psicoloxía coas claves plásticas do surrealismo.	FA2.B5.1.1. Relaciona as ideas sobre a psicanálise de Sigmund Freud e as creacións surrealistas, especialmente co método paranoico-crítico de Salvador Dalí. FA2.B5.1.2. Explica as principais características do movemento surrealista.
B5.3. Principais artistas: Salvador Dalí, Jean Arp e Joan Miró. B5.4. A pintura metafísica de Giorgio de Chirico.	B5.2. Identificar as principais obras e os/as principais autores/as surrealistas.	FA2.B5.2.1. Comenta as obras surrealistas de Jean Arp, Joan Miró e a pintura metafísica de Giorgio de Chirico.
B5.5. O surrealismo no cine: "Un can andaluz", de Luis Buñuel e Salvador Dalí. "A idade de ouro", de Buñuel.	B5.3. Analizar a importancia histórica de Salvador Dalí e Luis Buñuel.	FA2.B5.3.1. Describe o surrealismo no cine, utiliza a obra de Dalí e Buñuel "Un can andaluz" e o resto da filmografía de Luis Buñuel: "A idade de ouro", "Viridiana" e outras.
B5.6. Cine alemán. Expresionismo alemán: "O gabinete do doutor Caligari" (1920), de Robert Wiene. B5.7. Xénero da ciencia ficción. Fritz Lang e a súa película "Metropolis" (1927). B5.8. "O anxo azul" (1930), de Josef von Sternberg, Marlene Dietrich.	B5.4. Explicar a importancia do cine europeo sinalando exemplos de grande transcendencia posterior, como "O gabinete do doutor Caligari", "Metropolis", "O anxo azul", etc.	FA2.B5.4.1. Comenta as claves do expresionismo alemán, nomeadamente salientable en "O gabinete do doutor Caligari", de Robert Wiene. FA2.B5.4.2. Analiza a importancia da película "O anxo azul", de Josef von Sternberg, e a presenza nela de Marlene Dietrich.
B5.9. Movemento neoplasticista holandés "De Stijl": arquitectura, pintura e moblaxe. Piet Mondrian, Theo Van Doesburg e Gerrit Thomas Rietveld.	B5.5. Explicar as claves estilísticas en arquitectura, pintura e moblaxe do movemento "De Stijl".	FA2.B5.5.1. Explica a concepción artística dos neoplasticistas holandeses, o grupo "De Stijl". FA2.B5.5.2. Analiza as obras en arquitectura, pintura e moblaxe de artistas neoplasticistas: Piet Mondrian, Theo van Doesburg e Gerrit

		Thomas Rietveld.
B5.10. Movemento Dada. Obra escultórica de Jean Tinguely.	B5.6. Debater acerca do movemento Dada e as obras máis importantes deste movemento artístico.	FA2.B5.6.1. Describe o movemento Dada e a obra escultórica de Jean Tinguely.
B5.11. Ballets de Serguéi Diághilev e Nijinsky. Escenografías e decorados. Relación con artistas da época: Picasso, Matisse e Natalia Goncharova.	B5.7. Recoñecer a importancia dos ballets rusos en París e na historia da danza contemporánea.	FA2.B5.7.1. Analiza a importancia do ballet ruso, utilizando a obra de Serguéi Diághilev e Nijinsky.
B5.12. Música e danza. Igor Stravinsky: "O paxaro de lume", "Petrushka" e "A consagración da primavera".		<ul style="list-style-type: none"> ▪ FA2.B5.7.2. Comenta a obra musical de Igor Stravinsky e a súa relación coa danza: "O paxaro de lume", "Petrushka" e "A consagración da primavera". ▪ FA2.B5.7.3. Describe presentacións coreográficas relacionadas con "A consagración da primavera", por exemplo o traballo de Pina Bausch.

Tema 6. Os felices anos vinte. Art Decó

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares
B6.1. Claves da Art Decó. B6.2. Desenvolvemento económico do período de entre guerras. B6.3. Auxe do luxo. A arte como produto para a elite. B6.4. Notas distintivas da arquitectura decó. B6.5. Estados Unidos: os grandes edificios. Escola de Chicago. Nova York: edificios Chrysler e Empire State.	B6.1. Identificar as claves sociais e políticas que se relacionan co Art Decó.	FA2.B6.1.1. Comenta a relación entre o desenvolvemento económico mundial e o auxe da Art Decó.
		FA2.B6.1.2. Explica a evolución desde a arte baseada na natureza (modernismo), á arte xeométrica (Art Decó).
B6.4. Notas distintivas da arquitectura decó. B6.5. Estados Unidos: os grandes edificios. Escola de Chicago. Nova York: edificios Chrysler e Empire State.	B6.2. Recoñecer o estilo Art Decó en arquitectura, identificando os edificios emblemáticos deste estilo.	FA2.B6.2.1. Relaciona o Art Decó cos edificios anteriores da escola de Chicago e os edificios de Nova York, especialmente o Chrysler e o Empire State.
B6.6. Escultura: Pablo Gargallo e Constantin Brancusi.	B6.3. Analizar as principais obras e escultores da época, por exemplo Pablo Gargallo e	FA2.B6.3.1. Compara a escultura de Pablo Gargallo e de Constantin

	Constantin Brancusi.	Brancusi.
B6.7. Tamara de Lempicka, pintora.	B6.4. Debater acerca da obra pictórica de Tamara de Lempicka.	FA2.B6.4.1. Comenta a obra pictórica da pintora Tamara de Lempicka.
B6.8. Música: revista musical. Folies Bergère e Moulin Rouge.	B6.5. Recoñecer a importancia e a transcendencia musical do xénero artístico denominado revista musical.	FA2.B6.5.1. Explica as claves artísticas do musical, relacionándoo co Folies Bergère, o Moulin Rouge, o Cotton Club e a traxectoria artística e persoal de Joséphine Baker.
B6.9. Moblaxe Art Decó.	B6.6. Describir os elementos esenciais en moblaxe e artes aplicadas do estilo Art Decó.	FA2.B6.6.1. Identifica as claves esenciais da moblaxe decó.
B6.10. Xoiaría decó e reloxos de pulseira. Empresas Cartier e Patek Philippe. B6.2. Auxe do luxo. A arte como produto para a elite.	B6.7. Analizar a importancia do luxo e a súa relación cos deseños decó. Empresas Cartier e Patek Philippe.	FA2.B6.7.1. Compara a tipoloxía das xoias decó, por exemplo Cartier, coas doutras épocas.
		FA2.B6.7.2. Analiza o concepto do luxo en relación á arte, por exemplo na xoiaría.
		FA2.B6.7.3. Debate acerca da relación entre luxo e artesanía utilizando, entre outros exemplos, a empresa Patek Philippe.
B6.11. Música dodecafónica, serialista e atonal. Arnold Schönberg.	B6.8. Distinguir as claves da música dodecafónica, por exemplo a obra musical de Arnold Schönberg.	FA2.B6.8.1. Analiza a música dodecafónica, utilizando composicións, entre outras, da obra musical de Arnold Schönberg, Anton Webern ou Alban Berg.
B6.12. Música norteamericana. Irving Berlin e George Gershwin.	B6.9. Avaliar as composicións musicais dos Estados Unidos, nomeadamente a obra musical de George Gershwin e Irving Berlin.	FA2.B6.9.1. Comenta a obra musical de George Gershwin e Irving Berlin.
B6.13. Música espiritual negra. Blues. Nacemento do Jazz.	B6.10. Identificar a música popular norteamericana, nomeadamente a música espiritual negra, o blues e o jazz.	FA2.B6.10.1. Identifica os ritmos e diferencia a música negra americana: espiritual, blues e jazz.
B6.14. Moda: a revolución no mundo da moda e no vestido da muller. Coco Chanel.	B6.11. Explicar a evolución no traxe feminino e a súa relación co posible cambio do papel da muller na sociedade da época.	FA2.B6.11.1. Analiza a revolución no traxe feminino que supuxo a obra de Coco Chanel.
Tema 7. A Gran depresión e a arte da súa época		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares

B7.1. "A fin da festa". A crise económica. O crack bolsista de 1929. Crise económica mundial. Auxe dos totalitarismos.	B7.1. Comentar a relación entre a situación política europea e o seu reflexo na arte.	FA2.B7.1.1. Analiza a representación plástica do crack bolsista de 1929 en Estados Unidos.
B7.2. Fotografía comprometida cos pobres: Dorothea Lange e Walker Evans.	B7.2. Analizar a arte social ou comprometida.	FA2.B7.2.1. Comenta a obra fotográfica de Dorothea Lange e Walker Evans. FA2.B7.2.2. Compara a obra fotográfica de artistas con compromiso social coa fotografía esteticista de, por exemplo, Cecil Beaton
B7.3. O cine e a súa función social.	B7.3. Debater acerca da función social da arte.	FA2.B7.3.1. Expón razoadamente a importancia da arte como denuncia social, utilizando, por exemplo, o documental "As Hurdes, terra sen pan", de Luis Buñuel.
B7.4. A primeira película de animación: "Branca-neves e os sete ananos", de Walt Disney.	B7.4. Analizar a importancia para o mundo da arte de Walt Disney como empresa.	FA2.B7.4.1. Analiza a importancia para o cine da obra creativa de Walt Disney.
B7.5. Cómic europeo: "Tintín", de Hergé. B7.6. Cómic norteamericano. B7.7. O primeiro superheroe: "Superman", de Jerry Siegel e Joe Shuster. B7.8. O heroe triste e solitario: "Batman", de Bob Kane e Bill Finger. B7.9. O orgullo americano: "Capitán América", de Joe Simon e Jack Kirby. B7.10. As aventuras espaciais: "Flash Gordon", de Alex Raymond. B7.11. O exotismo selvático: "Tarzán", de Burne Hogarth.	B7.5. Describir o nacemento do cómic, tanto do europeo, con "Tintín", como o norteamericano dos superheroes.	FA2.B7.5.1. Analiza a importancia do cómic europeo, nomeadamente a obra de Hergé. FA2.B7.5.2. Explica o nacemento dos superheroes norteamericanos do cómic. FA2.B7.5.3. Analiza as claves sociolóxicas e persoais dos superheroes do cómic: "Superman", "Batman" e "Capitán América". FA2.B7.5.4. Relaciona o cómic espacial co cine posterior, utilizando, entre outras, as aventuras espaciais de "Flash Gordon". FA2.B7.5.5. Comenta a relación entre cine e cómic no caso de "Tarzán".
B7.12. O cómic como linguaxe artística.	B7.6. Explicar a transcendencia posterior do cómic desta época na arte.	FA2.B7.6.1. Debate acerca do valor do cómic como obra de arte.
B7.13. Cine español. Producións Cifesa.	B7.7. Analizar as claves sociolóxicas do cine español, no marco da cultura e da situación económica de España e da Guerra Civil.	FA2.B7.7.1. Recoñece as principais películas españolas da época, tendo en conta a relación da súa creación coa produtora Cifesa.
B7.14. Ballet: traxectoria do Ballet da Ópera de París. Serge Lifar.	B7.8. Comentar a situación do ballet europeo e a influencia dos coreógrafos soviéticos no Ballet da Ópera de París.	FA2.B7.8.1. Analiza a importancia para a danza dos ballets soviéticos de principio de século.
B7.15. As "big bands" americanas: Benny Goodman, Glenn Miller, Duke Ellington, Tommy Dorsey, etc.	B7.9. Recoñecer as composicións musicais das denominadas "big bands" americanas, por exemplo a orquestra de Benny Goodman.	FA2.B7.9.1. Identifica a música swing e a súa relación coas "big bands" americanas.

Tema 8. A II Guerra mundial

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares
B8.1. Fascismo e comunismo. Iconoloxías asociadas.	B8.1. Debater acerca da importancia da iconoloxía na promoción das correntes políticas da época.	FA2.B8.1.1. Analiza as artes fascista e comunista, e establece diferenzas e semellanzas.
B8.2. Arquitectura fascista e comunista: Berlín e Moscova.	B8.2. Identificar as claves da arquitectura, nomeadamente a relacionada coas ideoloxías totalitarias.	FA2.B8.2.1. Compara a arquitectura de ambas as ideoloxías, principalmente en Berlín e en Moscova.
B8.3. Abstracción escultórica: Henry Moore, Antoine Pevsner e Naum Gabo.	B8.3. Comentar a evolución na forma escultórica: a ruptura da forma.	FA2.B8.3.1. Comenta a evolución escultórica europea, nomeadamente salientable nas obras de Henry Moore, Antoine Pevsner e Naum Gabo.
B8.4. Fascismo. Obra cinematográfica de Leni Riefensthal: "Olympia" e "O triunfo da vontade". B8.5. Comunismo. O cine de Serguéi Eisenstein: "O acoirazado Potemkin" (1925) e "Iván o terrible" (1943).	B8.4. Analizar a obra cinematográfica europea da época, destacando principalmente a transcendencia das creacións de Leni Riefensthal e Serguéi Eisenstein.	FA2.B8.4.1. Identifica as películas de Leni Riefensthal: "Olympia" e "O triunfo da vontade". FA2.B8.4.2. Analiza a construción narrativa visual de "O acoirazado Potemkin".
B8.6. A obra musical de Wagner e o fascismo alemán. B8.7. Relación vital e musical de Dimitri Shostakóvich co comunismo soviético.	B8.5. Describir a relación da obra musical de Wagner co fascismo e das composicións de Dimitri Shostakóvich co comunismo soviético.	FA2.B8.5.1. Explica a relación entre a música de Wagner e o fascismo alemán.
B8.8. Fotoxornalismo independente: axencia Magnum. B8.9. Fotografía de guerra: Robert Capa. B8.10. Captación do instante: Henri de Cartier-Bresson.	B8.6. Comentar a tipoloxía fotográfica relacionada cos conflitos bélicos, utilizando, por exemplo, a obra gráfica de Robert Capa ou dos españois Agustí Centelles, José María Díaz-Casariego, "Campúa" e Venancio Gombau ou "Alfonso".	FA2.B8.6.1. Analiza as claves da fotografía de guerra, especialmente na obra de Robert Capa, Agustí Centelles ou "Alfonso". FA2.B8.6.2. Analiza a formulación ou presentación teórica da fotografía e o instante de Henri de Cartier-Bresson. FA2.B8.6.3. Relaciona a actitude vital e artística dos fotógrafos da axencia Magnum.
B8.11. O París nocturno: Brassai.	B8.7. Explicar a técnica da fotografía nocturna e valorar os condicionantes técnicos, utilizando como exemplo a obra gráfica de Brassai, entre outros.	FA2.B8.7.1. Comenta a técnica da fotografía nocturna e as creacións de Gyula Halász "Brassai".

B8.12. O cartel como propaganda política. B8.13. Colaxe. B8.14. Obra de Josep Renau.	B8.8. Comparar a técnica da colaxe aplicada a diferentes motivos, por exemplo entre a obra de Josep Renau e Matisse.	FA2.B8.8.1. Explica a técnica da colaxe e a súa utilización no cartel de propaganda política, sobre todo na obra de Josep Renau.
		FA2.B8.8.2. Realiza unha composición plástica mediante a técnica da colaxe.
B8.15. Comedia musical: Fred Astaire e Gene Kelly.	B8.9. Analizar as claves narrativas e plásticas da comedia musical norteamericana utilizando, entre outras, a filmografía de Fred Astaire e de Gene Kelly.	FA2.B8.9.1. Comenta as claves da comedia musical norteamericana, utilizando, entre outros, as películas de Fred Astaire e de Gene Kelly.
B8.16. Industria do cine: Hollywood. Grandes compañías americanas: Warner Brothers, United Artist, Columbia e Metro Goldwyn Mayer. B8.17. O cine clásico americano e os seus estilos	B8.10. Razoar a importancia dos grandes estudos cinematográficos na historia e no desenvolvemento do cine.	FA2.B8.10.1. Explica a importancia dos estudos de cine de Hollywood.
		FA2.B8.10.2. Analiza as claves do nacemento das grandes compañías norteamericanas de cine: Warner Brothers, United Artist, Columbia e Metro-Goldwyn-Mayer.
B8.18. Cine de suspense: Alfred Hitchcock.	B8.11. Analizar o tempo narrativo do xénero do suspense.	FA2.B8.11.1. Analiza as claves narrativas do xénero do suspense, nomeadamente referido á filmografía de Alfred Hitchcock.
B8.19. A comedia amarga: "To be or not to be", de Ernst Lubitsch, e "O gran ditador", de Charlie Chaplin.	B8.12. Explicar as claves da comedia con formulacións sociais.	FA2.B8.12.1. Describe as claves da comedia ácida ou amarga, comentando, entre outras posibles, as películas: "To be or not to be", de Ernst Lubitsch, e "O gran ditador", de Charlie Chaplin.
B8.20. Amor e guerra: "Casablanca", de Michael Curtiz.	B8.13. Expor a relación entre amor e guerra no cine.	FA2.B8.13.1. Identifica as claves cinematográficas de "Casablanca", de Michael Curtiz.
B8.21. Cine neorrealista italiano: "Roma, cidade aberta", de Roberto Rossellini, e "Ladrón de bicicletas", de Vittorio de Sica.	B8.14. Describir as características formais e argumentais da comedia, o suspense e o cine neorrealista.	FA2.B8.14.1. Comenta as características do cine neorrealista italiano, sobre todo nas películas "Roma, cidade aberta" e "Alemáña ano cero", de Roberto Rossellini, e "Ladrón de bicicletas", de Vittorio de Sica.

Tema 9. O Funcionalismo e os anos 40 e 50

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares
B9.1. Forma e función nas artes utilitarias: "a función fai a forma". B9.2. Arquitectura: simplificación ornamental. Xeometría e matemática como mensaxe primordial.	B9.1. Debater acerca dos valores plásticos da arquitectura funcional.	FA2.B9.1.1. Explica a idea: "a función fai a forma".
		FA2.B9.1.2. Comenta a frase do arquitecto Mies van der Rohe: "Menos é máis".
B9.2. Arquitectura: simplificación ornamental. Xeometría e matemática como mensaxe primordial. B9.3. Funcionalismo orgánico escandinavo: Alvar Aalto, Eero Aarnio e Arne Jacobsen. B9.4. Moblaxe funcionalista.	B9.2. Identificar a tipoloxía do edificio funcional.	FA2.B9.2.1. Comenta as claves da arquitectura funcional.
		FA2.B9.2.2. Explica as claves do funcionalismo orgánico escandinavo, comentando a obra de Alvar Aalto, Eero Aarnio, Arne Jacobsen e o norteamericano Eero Saarinen.
		FA2.B9.2.3. Sinala as claves da moblaxe escandinava.
		FA2.B9.2.4. Compara o moble funcionalista con outros estilos anteriores e posteriores.
B9.5. A obra de Ludwig Mies van der Rohe, Frank Lloyd Wright e Le Corbusier.	B9.3. Comparar as creacións dos arquitectos desta corrente creativa máis relevantes.	FA2.B9.3.1. Identifica as principais creacións arquitectónicas de Mies van der Rohe, Frank Lloyd Wright e Le Corbusier.
B9.6. Deseño industrial. Bauhaus e a súa influencia posterior.	B9.4. Relacionar a orixe do deseño industrial e a produción en serie.	FA2.B9.4.1. Relaciona a escola alemá Bauhaus co deseño industrial.
B9.7. Cómic español. B9.8. Francisco Ibáñez. Editorial Bruguera.	B9.5. Comentar a importancia do cómic español.	FA2.B9.5.1. Recoñece as claves do éxito do cómic español, incidindo na obra de Francisco Ibáñez e na súa relación coa editorial Bruguera.
B9.9. Cine: dominio do cine norteamericano. Grandes directores: John Ford e John Houston.	B9.6. Debater acerca da supremacía comercial das producións cinematográficas norteamericanas e analizar as súas posibles causas.	FA2.B9.6.1. Analiza o dominio europeo da cinematografía americana e a obra dos grandes directores norteamericanos, nomeadamente John Ford e John Houston.
B9.10. A gran comedia. O alemán Billy Wilder.	B9.7. Analizar a gran comedia cinematográfica, remarcando a obra do director alemán Billy Wilder.	FA2.B9.7.1. Analiza a gran comedia cinematográfica, remarcando a obra plástica do director alemán Billy Wilder.
B9.11. Cine español. Estudios Bronston.	B9.8. Analizar as claves da creación dos estudios Bronston en España.	FA2.B9.8.1. Comenta a cinematografía española e a importancia dos estudos Bronston.

B9.12. Comedia española: Luis García Berlanga.	B9.9. Relacionar a obra cinematográfica de Luis García Berlanga coa sociedade española do seu tempo.	FA2.B9.9.1. Analiza as claves da comedia na obra cinematográfica de Luis García Berlanga.
B9.13. Moda: alta costura. Obra de Cristóbal Balenciaga. O "new look" de Christian Dior.	B9.10. Explicar as claves da moda de alta costura e os seus condicionantes artísticos e económicos.	FA2.B9.10.1. Analiza a industria da moda de alta costura aplicando, entre outras, a obra creativa de Cristóbal Balenciaga.
B9.14. A música neorromántica de Joaquín Rodrigo: "Concerto de Aranjuez".	B9.11. Recoñecer a música do mestre Rodrigo, especialmente o "Concerto de Aranjuez", analizando diferentes versións da súa obra.	FA2.B9.11.1. Relaciona a obra musical de Joaquín Rodrigo co romanticismo musical anterior, sinalando a importancia mundial do "Concerto de Aranjuez".
B9.15. Danza contemporánea: coreografías de Maurice Béjart e Roland Petit.	B9.12. Analizar a evolución das coreografías no ballet, desde os ballets rusos ata as novas creacións, por exemplo de Maurice Bejart e Roland Petit.	FA2.B9.12.1. Comenta as claves da danza moderna e as coreografías de Maurice Béjart e Roland Petit.

Tema 10. Os anos 60 e 70

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares
B10.1. Arquitectura. Estilo internacional. B10.2. Arquitectura española: Francisco Javier Sáenz de Oiza e Miguel Fisac.	B10.1. Analizar a evolución na arquitectura, intentando dilucidar posibles estilos ou a evolución desde os edificios anteriores.	FA2.B10.1.1. Comenta a uniformidade estilística mundial do estilo arquitectónico denominado "estilo internacional". FA2.B10.1.2. Analiza a arquitectura española, nomeadamente os traballos de Francisco Javier Sáenz de Oiza e Miguel Fisac.
B10.3. Expresionismo figurativo e expresionismo abstracto. Pintura hiperrealista. B10.4. Expresionismo abstracto: Jackson Pollock e Mark Rothko. B10.5. Expresionismo figurativo: Francis Bacon e Lucian Freud.	B10.2. Explicar as claves conceptuais e plásticas do expresionismo figurativo, do expresionismo abstracto, do Pop Art, do hiperrealismo e da arte cinética.	FA2.B10.2.1. Comenta as claves do expresionismo figurativo, desde o expresionismo alemán ata a obra de Francis Bacon e de Lucian Freud. FA2.B10.2.2. Explica a obra pictórica de Jackson Pollock e de Mark Rothko.

<p>Freud.</p> <p>B10.6. Hiperrealismo: David Hockney, Antonio López e Eduardo Naranjo.</p> <p>B10.7. Importancia histórica dos grupos españois de artistas plásticos "El Paso" (1957) e o seu antecesor "Dau al Set" (1948).</p>		<ul style="list-style-type: none"> ▪ FA2.B10.2.3. Identifica as claves da pintura hiperrealista e/ou Pop Art, comparando as obras de David Hockney e dos españois Antonio López e Eduardo Naranjo, entre outros. ▪ FA2.B10.2.4. Analiza as claves artísticas das correntes expresionistas.
<p>B10.8. O expresionismo na escultura española.</p> <p>B10.9. Escultores vascos: Jorge Oteiza, Eduardo Chillida e Agustín Ibarrola.</p> <p>B10.10. Abstracción xeométrica: Pablo Palazuelo, Martín Chirino e Amadeo Gabino.</p> <p>B10.11. Movemento cinético: Eusebio Sempere.</p>	<p>B10.3. Recoñecer os principais estilos escultóricos españois, a escultura vasca, a abstracción xeométrica e outras.</p>	<p>FA2.B10.3.1. Analiza a importancia da escultura expresionista española.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ FA2.B10.3.2. Describe a importancia da escultura vasca e indica as obras de Jorge Oteiza, Eduardo Chillida e Agustín Ibarrola. ▪ FA2.B10.3.3. Comenta a abstracción xeométrica escultórica na obra de Martín Chirino, Amadeo Gabino, Pablo Palazuelo, Pablo Serrano e Gustavo Torner, entre outros. ▪ FA2.B10.3.4. Analiza a arte cinética e a relación coa obra creativa de Eusebio Sempere.
<p>B10.12. Fotografía: o sensualismo de David Hamilton e a elegancia de Juan Gyenes.</p>	<p>B10.4. Analizar as diferentes visións da realidade a través da fotografía.</p>	<p>FA2.B10.4.1. Compara a concepción plástica na obra fotográfica de David Hamilton, Juan Gyenes, Irving Penn e outros.</p>
<p>B10.13. Música. O son estéreo.</p>	<p>B10.5. Explicar os avances técnicos na reprodución do son e expor as claves técnicas da música estereofónica e a súa evolución ata a actualidade.</p>	<p>FA2.B10.5.1. Comenta as claves do son musical monofónico, estereofónico, dolby, 5.1 e 7.1.</p>
<p>B10.14. Música Pop: The Beatles.</p> <p>B10.15. Grandes concertos de masas. Cultura de fans.</p> <p>B10.16. O jazz alcanza un público de masas: Chet Baker, Miles Davis e Chick Corea.</p>	<p>B10.6. Comparar os movementos musicais occidentais: pop, rock, jazz, blues, etc.</p>	<p>FA2.B10.6.1. Analiza as claves da música pop.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ FA2.B10.6.2. Identifica as principais cancións dos Beatles. ▪ FA2.B10.6.3. Explica as claves do movemento Fans. <p>FA2.B10.6.4. Comenta a aceptación maioritaria do jazz.</p> <p>FA2.B10.6.5. Analiza a obra jazzística e vital de Miles Davis e Chet Baker.</p>
<p>B10.17. Novo cine español. O cine da transición: Saura, Camus, Picazo, Patino, Érice, Borau e a Escola de Barcelona.</p>	<p>B10.7. Analizar os cambios que se producen na cinematografía española durante a transición.</p>	<p>FA2.B10.7.1. Describe a evolución do cine español no período da transición.</p>

B10.18. Cine. Novo impulso norteamericano: Francis Ford Coppola.	B10.8. Valorar a importancia para a industria do cine da obra creativa de Francis Ford Coppola, George Lucas e outros.	FA2.B10.8.1. Comenta o rexurdimento do gran cine norteamericano coa obra cinematográfica de Francis Ford Coppola.
B10.19. Gran cine xaponés: Akira Kurosawa.	B10.9. Comparar o cine europeo, o norteamericano e o oriental.	FA2.B10.9.1. Analiza a filmografía do director xaponés Akira Kurosawa.
B10.20. Nacemento da televisión como fenómeno de comunicación de masas.	B10.10. Analizar a importancia crecente da televisión como fenómeno de comunicación e a súa importancia na arte.	FA2.B10.10.1. Recoñece o paso da televisión a ser un fenómeno de comunicación de masas.
B10.21. Cómic: éxito internacional da editorial Marvel.	B10.11. Comentar a nova xeración de superheroes do cómic, nomeadamente coa editorial "Marvel" e a obra de Stan Le.	FA2.B10.11.1. Explica as claves do éxito mundial da editorial de cómics Marvel.
B10.22. Auxe do flamenco: Paco de Lucía e Camarón de la Isla. B10.23. Baile flamenco: Antonio, Carmen Amaya e a compañía de Antonio Gades.	B10.12. Expor a importancia da música flamenca en todo o mundo.	FA2.B10.12.1. Identifica a obra musical de Paco de Lucía e de Camarón de la Isla. ▪ FA2.B10.12.2. Explica as claves do éxito internacional do flamenco. ▪ FA2.B10.12.3. Recoñece a importancia do baile flamenco no mundo, con referencia á danza e ás coreografías de Carmen Amaya e Antonio Gades. ▪ FA2.B10.12.4. Analiza a situación do flamenco en España e establece conclusións a partir dos datos obtidos.
B10.24. Moda europea. B10.25. Moda francesa: Yves Saint Laurent.	B10.13. Comentar a evolución na moda europea deste tempo.	FA2.B10.13.1. Analiza a importancia da moda francesa, con referencia ás creacións de Yves Saint Laurent.

Tema 11. O anos 80-90

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares
B11.1. Arquitectura. Estilo posmoderno. O edificio como espectáculo.	B11.1. Analizar a evolución da arquitectura desde a uniformidade racionalista ao barroquismo personalista do creador.	FA2.B11.1.1. Explica a evolución da arquitectura, desde o edificio como función ao edificio como espectáculo.

B11.2. Escultura: exceso figurativo. Obra de Fernando Botero e Alberto Giacometti.	B11.2. Comentar a evolución escultórica en Occidente	FA2.B11.2.1. Compara as obras escultóricas de Fernando Botero e Alberto Giacometti.
B11.3. A música como acción política de masas. "Live Aid".	B11.3. Analizar o fenómeno social que supón a música en vivo retransmitida a través da televisión.	FA2.B11.3.1. Analiza a forza da música pop e a súa capacidade de crear acción política, explicando o fenómeno musical "Live Aid".
B11.4. Eclósión da moda como fenómeno de masas. B11.5. Novo ideal de beleza colectivo: substitución das actrices polas supermodelos.	B11.4. Debater acerca do ideal de beleza en relación co éxito mediático e social das supermodelos.	FA2.B11.4.1. Comenta a eclósión da moda como fenómeno de masas. FA2.B11.4.2. Explica a idea de beleza en referencia ao éxito das supermodelos. FA2.B11.4.3. Analiza o cambio de patrón estético desde as actrices cara ás modelos.
B11.6. O desfile de modas como espectáculo multimedia. B11.7. O/a deseñador/a como estrela mediática. B11.8. Industria do "prêt à porter". O mundo dos complementos. B11.9. Grandes deseñadores: Alexander McQueen, Valentino, Chanel (Lagerfeld), Dior (John Galliano), Armani, Versace, Calvin Klein, Tom Ford e Carolina Herrera.	B11.5. Comparar as creacións no mundo da moda dos/das deseñadores/as máis relevantes.	FA2.B11.5.1. Comenta a evolución dos pases de modelos a espectáculos audiovisuais. FA2.B11.5.2. Explica o auxe dos/das deseñadores/as nos medios de comunicación de masas. FA2.B11.5.3. Identifica as claves estilísticas dos principais deseñadores de moda: Alexander McQueen, Valentino, Chanel (Lagerfeld), Dior (John Galliano), Armani, Versace, Calvin Klein, Tom Ford e Carolina Herrera.
B11.10. Pop dos anos 80 e 90: Madonna e Michael Jackson. B11.11. Novo papel do/da artista na industria musical.	B11.6. Analizar o cambio filosófico que supón asumir o novo papel do/da artista como fenómeno mutante, e a actividade metamórfica de Michael Jackson e Madonna.	FA2.B11.6.1. Analiza a obra musical e artística de Michael Jackson e Madonna.
B11.12. Danza española: compañías de Sara Baras e Joaquín Cortés.	B11.7. Expor a importancia das compañías musicais españolas en todo o mundo, destacando especialmente a difusión das compañías flamencas.	FA2.B11.7.1. Explica a importancia das compañías de danza e das coreografías de Sara Baras e de Joaquín Cortés.
B11.13. Cine español. Proxección internacional: José Luís Garci, Fernando Trueba, Fernando Fernán Gómez, Pedro Almodóvar e Alejandro Amenábar.	B11.8. Recoñecer as principais obras cinematográficas dos creadores españois, e valorar o seu éxito internacional.	FA2.B11.8.1. Recoñece a obra cinematográfica dos directores máis importantes de España: José Luís Garci, Fernando Trueba, Fernando Fernán Gómez, Pedro Almodóvar, Alejandro Amenábar, Álex de la Iglesia, etc.
B11.14. Directoras españolas, novas miradas da realidade: Pilar Miró e Iciar Bollain.	B11.9. Valorar a irrupción das directoras españolas no panorama cinematográfico español e internacional, analizando a súa obra artística: Pilar Miró, Iciar Bollain, Josefina Molina, etc.	FA2.B11.9.1. Analiza o labor creativo de Pilar Miró, Iciar Bollain e outras directoras españolas. FA2.B11.9.2. Analiza en termos de diversidade e complementariedade o cine español feminino e masculino.

B11.15. Televisión: aparición da cor. B11.16. Retransmisións en directo: olimpíadas, fútbol, concertos e guerras.	B11.10. Explicar a evolución técnica e escenográfica do paso da televisión en branco e negro á televisión en cor.	FA2.B11.10.1. Explica a evolución da técnica televisiva desde o branco e negro á cor. FA2.B11.10.2. Relaciona a televisión e os grandes eventos seguidos en directo a través dela: olimpíadas, fútbol, concertos e guerras.
B11.17. Fotografía en España: Cristina García-Rodero e Alberto García Alix.	B11.11. Analizar a realidade social española a través da mirada fotográfica de Cristina García Rodero e Alberto García-Alix.	FA2.B11.11.1. Comenta a visión de España e a súa xente reflectida na obra fotográfica de Cristina García Rodero e Alberto García-Alix.
B11.18. Cine de animación: Estudios Pixar; estrea de "Toy Story".	B11.12. Comentar a evolución do cine de animación.	FA2.B11.12.1. Comenta o éxito das películas de animación das produtoras Pixar e Dream Works, e a súa relación coas novas técnicas de animación dixitais.

Tema 12. Os anos 2000-2013

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares
B12.1. O ecoloxismo e a arte.	B12.1. Analizar a importancia do ecoloxismo e da creación artística relacionada con esta filosofía.	FA2.B12.1.1. Analiza as manifestacións artísticas relacionadas co ecoloxismo utilizando, entre outras, as fotografías de Ansel Adams, a película "Dersu Uzala", ou os documentais de Félix Rodríguez de la Fuente ou do National Geographic.
B12.2. Islamismo radical: destrución das imaxes relixiosas.	B12.2. Debater acerca do islamismo radical e da iconoclastia a través da historia da arte.	FA2.B12.2.1. Comenta o concepto iconoclasta do islamismo radical, en referencia, por exemplo, á destrución das imaxes de Buda, entre outras posibles.
B12.3. Arquitectura máis relevante da década: Norman Foster (concepto "High Tech"), Álvaro Siza, Peter Zumthor, Jean Nouvel, Reem Koolhaas, Rafael Moneo, Shigeru Ban, Souto de Moura, etc. B12.4. A construción como espectáculo e a súa polémica: Frank Gehry e Santiago Calatrava.	B12.3. Identificar os edificios máis relevantes da década, en España e no resto do mundo.	FA2.B12.3.1. Analiza os edificios estrela e a súa repercusión mundial. FA2.B12.3.2. Compara as creacións emblemáticas de Frank Gehry, Santiago Calatrava e Norman Foster, entre outros posibles.
B12.5. Obra de Zara Hadid.	B12.4. Comparar a obra arquitectónica de Zara Hadid coa do resto de arquitectos/as	FA2.B12.4.1. Comenta a obra arquitectónica de Zara Hadid.

	contemporáneos/as.	
B12.6. Tecnoloxía dixital: cine, televisión, fotografía e música. B12.7. Internacionalismo universal: internet. B12.8. Novas canles de promoción artística: blogs, redes sociais e plataformas como YouTube, Vimeo, Instagram, Pinterest, etc.	B12.5. Explicar a importancia de internet na creación artística.	FA2.B12.5.1. Describe a importancia de internet na arte actual. FA2.B12.5.2. Analiza a tecnoloxía dixital e a súa relación coa creación artística. FA2.B12.5.3. Explica o potencial difusor da creación artística que supón YouTube e outras plataformas similares.
B12.9. Música e baile. Novas tendencias: hip-hop e dance.	B12.6. Identificar novas formas de danza, tales como o hip-hop e o dance.	FA2.B12.6.1. Comenta as novas coreografías relacionadas co hip-hop e o dance.
B12.10. Cine en español: éxito internacional de Guillermo del Toro con "O labirinto do fauno". B12.11. Internacionalización do cine español: Juan Antonio Bayona e Rodrigo Cortés.	B12.7. Analizar a obra cinematográfica española recente, en referencia, por exemplo, aos traballos de Juan Antonio Bayona, Jaume Balagueró e outros posibles.	FA2.B12.7.1. Comenta a obra cinematográfica española recente, en referencia, por exemplo, aos traballos de Juan Antonio Bayona, Daniel Monzón, Jaume Balagueró, etc.
B12.12. Xénero documental no cine.	B12.8. Coñecer as características propias do xénero documental no cine.	FA2.B12.8.1. Describe as características máis importantes do xénero documental no cine.
B12.13. Técnicas da produción audiovisual. Integración multimedia. B12.14. Televisión: series de TV, equiparables en popularidade e audiencia ao cine.	B12.9. Explicar a estrutura narrativa das series de ficción para televisión en oposición ao sistema narrativo do cine.	FA2.B12.9.1. Analiza as claves da produción de series para televisión. FA2.B12.9.2. Expón os factores do éxito de audiencia nas series para televisión, e dá exemplos. FA2.B12.9.3. Compara a técnica narrativa das series televisivas coa ficción cinematográfica.

Valor dos estándares: Os estándares de cor laranxa son os básicos, concentran un 80% do valor da cualificación total dos contidos, o outro 20% é para os de cor gris (no caso de non utilizarse á hora de realizar a proba, a totalidade do valor dos contidos conceptuais recaerá nos estándares básicos). O resto dos estándares forman parte dos que se traballan no 20% da materia que corresponde ao "traballo do alumno". Co fin de establecer o nivel de adquisición ou dominio do estándar a avaliar, tanto para os traballos do alumno, como para as probas realizadas, crearemos unhas rúbricas que nos permitirán determinar con claridade o nivel de adquisición dos mesmos e serven para determinar con claridade a cualificación do alumno. No apartado de criterios de cualificación están recollidos os parámetros de valoración dos estándares (os que se utilizarán para crear as rúbricas que determinarán o nivel de adquisición do estándar). *

5. Concrecións metodolóxicas

5.1 Concrecións metodolóxicas para o ensino presencial

Concrecións metodolóxicas para o ensino presencial

A proposta metodolóxica en relación coa materia de Fundamentos de arte segue as Orientacións para facilitar o desenvolvemento de estratexias metodolóxicas que permitan traballar por competencias na aula, contidas no currículo oficial da materia no que se definen igualmente: competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

En devandito Anexo, evidénciase que a metodoloxía debe partir da perspectiva do docente como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado; ademais, a metodoloxía debe enfocarse á realización de tarefas ou situacións-problema, expostas cun obxectivo concreto, que o alumnado debe resolver facendo uso adecuado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores; así mesmo, a metodoloxía debe ter en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual e cooperativo. Tamén, sinalase a necesidade de que a metodoloxía se axuste ao nivel competencial inicial dos alumnos, secuenciando o ensino de tal modo que se parta de aprendizaxes máis simples para avanzar gradualmente cara a outros máis complexos, despertando e mantendo a motivación do alumnado. Para iso, resulta imprescindible unha metodoloxía activa e contextualizada, que é aquela que facilite a participación e implicación do alumnado e a adquisición e uso de coñecementos en situacións reais. A metodoloxía activa debe apoiarse en estruturas de aprendizaxe cooperativa, baseado na resolución conxunta de tarefas. Nas actividades programadas nesta materia o punto de partida será unha introdución teórica sobre a proposta de actividade realizada polo profesor; exporase o proxecto como "un problema" para resolver polo alumnado; debatendo e consultando cos alumnos aquilo que máis interese; expondo e resolvendo dúbidas; buscando información a través da web e analizando a máis relevante. Cando a actividade requira realizárense bosquexos previos e estudos preparatorios do proxecto. Finalmente realizarase o proxecto de forma individual ou en grupo, cos materiais e técnicas construtivas máis acordes a cada actividade.

Como recursos metodolóxicos e didácticos podemos sinalar sobre todo: os apuntamentos achegados polo profesor; a web; o arquivo de imaxes; os vídeos sobre estilos artísticos, sobre os artistas e as súas obras e a realización de exposicións con traballos dos alumnos e as visitas aos museos que son especialmente relevantes na materia que nos ocupa (actualmente anuladas por la situación sanitaria).

CONCRECCIÓN METODOLÓXICA:

A metodoloxía da materia baséase na aprendizaxe por competencias, recorrendo a estratexias interactivas e á aprendizaxe cooperativa.

Eixos da metodoloxía:

1- Coñecemento dos contidos teóricos correspondentes ao currículo oficial da materia: Presentación teórica de cada tema.

Competencias clave a valorar: competencia en comunicación lingüística; competencia dixital; competencias sociais e cívicas; conciencia e expresión culturais.

2- Actividades (aprendizaxe orientada á acción): Realización práctica de exercicios correspondentes a cada un dos bloques temáticos.

Realización individual ou cooperativa de proxectos. Utilización das TIC (traballo na aula de informática e en casa), acceso a recursos virtuais para a procura de información relevante para realizar as prácticas e proxectos propostos.

Presentación oral de traballos relacionados cos períodos artísticos estudados en cada tema que buscan poñer de manifesto as interconexións entre as distintas correntes, formas de representación, materiais e técnicas artísticas (traballos para fomentar a aprendizaxe cooperativa e favorecer a oralidade). Tratarase alternar tanto o traballo individual como o colectivo, dando especial importancia á coordinación na elaboración dos traballos realizados en grupo. Igualmente, traballarase para que perciban os contidos da materia como

un todo relacionado e non como diferentes temas inconexos, por iso, sempre que sexa posible, buscarase a interacción duns bloques con outros

Competencias clave a valorar: competencia dixital; competencia para aprender a aprender; competencias sociais e cívicas; sentido de iniciativa e espírito emprendedor; conciencia e expresión culturais.

3- Seguimento e avaliación:

Avaliación dos exercicios e proxectos realizados polo alumnado. Valórase o proceso de realización, incluída a proposta conceptual, e o resultado final.

Tamén se realizarán exames.

Téñense en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis.

Actividades de Ensino – Aprendizaxe

Seguirase o seguinte esquema para desenvolver as actividades de enseñanza-aprendizaxe:

-Temas impartidos polo profesor dos contidos teóricos a partir de explicacións na pizarra, presentacións en “powerpoint”, fotografías, extractos de películas ou calquera tipo de material didáctico que se adecue ao sentido da materia. O alumno terá que realizar un caderno de traballo a partir dos conceptos explicados.

-Aula virtual Moodle: O profesor abrirá unha aula virtual moodle co fin de que os alumnos poidan acceder a materiais, apuntamentos e a coñecer as súas notas. Os alumnos subirán os seus traballos a esta aula virtual para a oportuna corrección. Só en casos puntuais o profesor permitirá que se utilicen outros medios de entrega de materiais.

- Análises de exemplos dos contidos tratados en cada unidade didáctica co obxectivo de desentrañar que técnicas foron utilizadas, e que trazos estilísticos definen unha determinada etapa artística ou autor. A comparación con outros bloques da materia farase de modo habitual para establecer similitudes ou diferenzas segundo sexa o caso.

-Explicación das pautas que deben rexer os traballos prácticos, sinalando os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación, os materiais e os prazos de entrega. Os traballos prácticos realizaranse en casa co obxecto de fomentar valores como a responsabilidade, a constancia, o esforzo persoal e a aprendizaxe individual.

- Análise e posta en común dos traballos prácticos e dos resultados obtidos fomentando a crítica construtiva.

-Visionado de extractos de películas e en xeral de todo tipo de material audiovisual que contribúa a aclarar os contidos da materia e a conseguir os obxectivos propostos. Sempre que se faga un visionado dunha película terase que facer un traballo sobre aspectos oportunos da mesma: ambientación, sociedade, vestuario, relixión e sobre todo os aspectos artísticos plásticos máis destacados.

-Exposicións orais por parte dos alumnos sobre algúns temas do programa da materia. Estas exposicións faranse ou ben en grupos ou de modo individual. Este punto desenvolverase non apartado de procedementos e criterios de avaliación.

Os traballos realizados polos alumnos poderán expoñerse na rede ou en clase, a non ser que alumno manifeste unha oposición por escrito a iso.

5.2 Concrecións metodolóxicas para o ensino telemático

Concrecións metodolóxicas para o ensino telemático

Toda a metodoloxía anterior mantense no ensino telemático.

Os materiais están subidos na aula virtual do centro (tanto apuntes como presentacións) e o material audiovisual de ampliación, no blogue da materia.

As diferenzas respecto á modalidade presencial son as seguintes:

- Exames e explicacións de conceptos terán que ser on line.

- A única de via de entrega de traballos seá a telemática (preferentemente a aula virtual do centro).
- As propostas de traballo faranse tamén a través de esta plataforma, reforzándoas durante as conexións on line.
- Os traballos en grupo terán que ser "traballos colaborativos" utilizando as plataformas que se prestan a esta forma de traballo (como a de presentación google, pinterest, thinglink, canva ...).
- O seguemento de dito traballo fará obrigatorio que a profesora pertenza aos grupos para poder seguir os avances e redirixilo se fose necesario.
- As exposicións orais dos traballos dos alumnos faranse tamén por vía telemática.
- Para a organización do ensino, teremos un grupo de whatsapp que axudará a planificar as sesións e datas de entrega. A dirección de correo da clase facilitará tamén a conexión e organización así como una atención rápida se xorden dúbidas.

5.3 Concrecións metodolóxicas para o ensino semipresencial

Concrecións metodolóxicas para o ensino semipresencial

Mantense a forma de traballo da modalidade on line. A única diferenza estaría en que as probas escritas faranse presenciais se a situación sanitaria o permite (se non terá que ser por vía telemática) e, se as sesións presenciais posibles son suficientes, teremos o máximo de explicacións presenciais. Os alumnos poderán tamén entregar o traballo en ditas sesións e utilízalas tamén para aclarar dúbidas.

O resto do proceso mantense como na modalidade de ensino telemático.

6. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar

Materiais e recursos didácticos (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)

Para o tratamento e formulación didáctico desta materia estímase adecuado o método activo e participativo, con base fundamental en fontes iconográficas e medios audiovisuais.

Poñerase ao dispor dos alumnos apuntes elaborados pola profesora así como as presentacións utilizadas para as explicacións, esquemas dos temas tratados (aula virtual) e material de ampliación (no blogue).

Nas clases proxectaranse presentacións de Power Point coas obras principais de cada un dos estilos artísticos incluíndose nelas as características e aspectos máis destacados das mesmas.

Nalgunhas sesións proxectaranse documentais ou películas (non necesariamente o filme completo) que conteñan unha información significativa para a materia.

Recoméndase así mesmo o uso da internet para ter unha visión o máis completa posible do mundo da arte e buscar información para os traballos propostos.

O Caderno de Autor que o alumno realizará cos temas de Hª da arte que se traten en cada avaliación.

Podemos considerar tamén como material necesario para as modalidades on line e semipresencial as plataformas que permiten o traballo colaborativo; O correo electrónico e o dispositivo móbil para o grupo de whatsapp, a aula virtual do centro... estes medios convírtense en material imprescindible para o seguemento do proceso (así como dispositivos móbiles, tablets ou equipos informáticos para traballar ou poder seguir as clases on line e mesmo facer as presentacións dos seus traballos).

7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción

7.1 Criterios de avaliación

Avaliacións parciais (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)

AVALIACIÓN

A actividade avaliadora seguirá o seguinte itinerario no proceso de ensino-aprendizaxe:

Avaliación inicial

A avaliación inicial realizaraa o equipo docente durante o primeiro mes do curso escolar co fin de coñecer e valorar a situación inicial do alumnado en canto ao grao de desenvolvemento das competencias clave e ao dominio dos contidos das distintas materias. Para iso terase que ter en conta a análise dos informes persoais da etapa ou o curso anterior

correspondentes ao alumnado do grupo, ademais doutros datos obtidos polo profesorado sobre o punto de partida desde o que o alumno ou a alumna inicia as novas aprendizaxes.

A avaliación inicial terá unha finalidade exclusivamente orientadora e será o punto de referencia do equipo docente para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo por parte do mesmo e para a súa adecuación ás características e aos coñecementos do alumnado.

Avaliación continua A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado terá en conta tanto o progreso xeral do alumnado a través do desenvolvemento dos distintos elementos do currículo. A avaliación terá en consideración tanto o grao de adquisición das competencias clave como o logro dos obxectivos da etapa. O currículo está centrado no desenvolvemento de capacidades que se atopan expresa das nos obxectivos das distintas materias curriculares da etapa. Estes aparecen secuenciados mediante criterios de avaliación e os seus correspondentes estándares de aprendizaxe avaliábeis que mostran unha progresión na consecución das capacidades que definen o s obxectivos. Os criterios de avaliación e os seus correspondentes estándares de aprendizaxe serán o referente fundamental para valorar o grao de adquisición das competencias clave, a través das diversas actividades e tarefas que se desenvolvan na aula.

Referentes da avaliación

Os referentes para a avaliación serán:

Os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxes da materia que serán o elemento básico a partir do cal se relacionan o resto dos elementos do currículo.

- Os criterios instituídos nesta programación didáctica.
- Os procedementos de avaliación e os criterios de cualificación especificados na programación didáctica.

PROCEDEMENTOS, TÉCNICAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A información do proceso de ensino-aprendizaxe realizarase a partir da seguintes instrumentos:

1. Probas escritas: As probas escritas terán como función o comprobar o nivel de adquisición, consolidación e progreso dos coñecementos e procedementos. A estrutura da proba cinguirase ás orientacións universitarias e consistirá en desenvolver un tema, facendo o comentario artístico dunha ou varias obras propostas.

2. Traballo do alumno:

a) Comentarios de texto, comentarios de imaxes fixas, análise comparativa entre obras de arte contemporáneas ou extemporáneas, material audiovisual (documentais, películas, youtube...). Os alumnos terán que facer exposicións individuais ou grupais relacionadas co currículo da materia: para as exposicións orais poderase empregar aqueles recursos didácticos audiovisuais e artísticos que o alumno ou grupo considere conveniente.

b) O Caderno de Autor (a modo de Caderno de Campo ou Caderno de Viaxe) que os alumnos irán desenvolvendo cos temas de arte que se traten na clase. Este caderno terá un carácter eminentemente artístico e servirá para que o alumno recolla unha selección dos principais conceptos e exemplos dos períodos artísticos dos temas que se estuden. Non é un mero caderno de debuxo, trátase máis ben dun caderno de estudo onde se recollerán exemplos de obras artísticas. A realización desta actividade é opcional.

O caderno de Autor e todos os exercicios e proxectos realizados polos alumnos para ter cualificación positiva deberán ser entregados en tempo e forma. Neste caderno, os exercicios e proxectos deberán facerse fora do horario de clase, aínda que sempre co seguimento do profesorado.

3. Observación do traballo e a conduta en clase: comportamento, traballo e participación. Instrumentalmente para a cualificación desta materia terase en conta:

(Os instrumentos, procedementos e técnicas de avaliación mantense durante a modalidade on line unicamente cambian materiais e metodoloxía como se explica nos apartados correspondentes da programación).

O mecanismo de traballo para o ensino non presencial é impartir as clases por vía telemática, ao ser un grupo pequeno, é moito máis sinxelo levar ao cabo o proceso. O material de cada tema (vídeos, material audiovisual, apuntes...) estará no apartado correspondente da aula virtual. As entregas de exercicios as van facendo por correo electrónico. Utilizaremos un grupo de whatsapp para manter unha comunicación máis fluída. Establecemos (no horario no que se poda) tres sesións semanais de clase de hora e cuarto por vía telemática na que a profesora (coa axuda dunha cámara) poda explicar facendo os debuxos necesarios. As probas serán tamén por vía telemática. Ao terminar envían a proba completa por correo electrónico. Durante a realización da proba é necesario que manteñan a cámara activada.

As estratexias metodolóxicas utilizadas e a estrutura de traballo cambia minimamente respecto á presencial, unicamente os medios utilizados para poder levar ao cabo o traballo.

O mecanismo de traballo semipresencial será unha combinación dos dous anteriores. As estratexias metodolóxicas utilizadas e a estrutura de traballo cambia minimamente respecto á presencial, unicamente os medios utilizados para poder levar ao cabo o traballo.

O material de cada tema (vídeos, material audiovisual, apuntes...) estará no apartado correspondente da aula virtual. As entregas de exercicios as van facendo por correo electrónico. Utilizaremos un grupo de whatsapp para manter unha comunicación máis fluída e para distribuír e coordinar as sesións. Os alumnos terán catro sesións semanais de clase. As sesións por vía telemática serán de hora e cuarto e as presenciais de unha hora deixando estas para a realización de probas e para o reforzo das clases impartidas por día telemática (dúbdas se é necesario senón o fose, poderemos seguir avanzando na materia). Como no ensino a distancia, a profesora utilizará a cámara para poder explicar facendo os debuxos necesarios. Se as probas non puidesen ser presenciais, serán tamén por vía telemática. Durante a realización da proba é necesario que manteñan a cámara activada.

Avaliación final (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)

Avaliación final ou sumativa É a que se realiza ao termo dun período determinado do proceso de ensino-aprendizaxe para determinar se se alcanzaron os obxectivos propostos e a adquisición prevista das competencias clave e, en que medida alcanzounos cada alumno ou alumna do grupo-clase. É a conclusión ou suma do proceso de avaliación continua na que se valorará o proceso global de cada alumno ou alumna. Na devandita avaliación teranse en conta tanto as aprendizaxes realizadas en canto aos aspectos curriculares de cada materia, como o modo en que desde estes contribuíron á adquisición das competencias clave. O resultado da avaliación expresarase mediante as seguintes

valoracións: Insuficiente (IN), Suficiente (O seu), Ben (BI), Notable (NT) e Sobresaliente (SB), considérandose cualificación negativa o Insuficiente e positivas todas as demais.

A Nota obtida na Avaliación final terá como referencia a media aritmética das notas obtidas durante as tres avaliacións nas que se estrutura o curso pero valórase especialmente a capacidade do alumno de ir mellorando, de xeito que, aínda que a nota media as veces non alcance, se un alumno mellora moito durante o curso poderá obter una cualificación maior.

O alumno ten dereito a unha proba final no mes de maio. A proba estará dividida por avaliación, o alumno terá que responder únicamente ás cuestións correspondentes á materia que ten suspensa (1º, 2ª ou terceira avaliación).

Avaliación extraordinaria (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)

Convocatoria extraordinaria de xuño.

Os alumnos que non aproben en maio, poderán presentarse a unha proba extraordinaria a finais do mes de xuño, onde se examinarán dos contidos de toda a materia traballados durante o curso.

• Recuperación de pendentes

A avaliación dos alumnos de pendentes realizaraa o profesor ou profesores que imparten a materia en 2º de Bacharelato. Informaranlles debidamente do calendario das probas escritas que terán que superar para obter o aprobado nesta materia e dos contidos do programa que formarán parte de cada exame.

O programa de estudo será o especificado na Programación do curso pasado para Primeiro de Bacharelato. Os alumnos tomarán como referencia o apuntes subidos na aula virtual da materia así como os materiais (recursos dixitais, resumos, presentacións, vídeos, etc...) postos á súa disposición na mesma plataforma e no blogue da materia .

Haberá tres probas: unha por avaliación. A nota final será a media das tres avaliacións. Os alumnos que o prefiran o que suspenderan estas probas teñen outra oportunidade dun examen final en maio.

Os que de novo suspendan terán unha terceira oportunidade na proba extraordinaria de setembro..

7.2 Criterios de cualificación

Criterios de cualificación (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)

Criterios de cualificación

Para a avaliación desta materia teranse en conta os seguintes criterios de cualificación: **Cualificación obtida polo alumno:**

80% da cualificación obtida polo alumno:

Probas escritas: Realizaranse polo menos dúas probas escritas por trimestre, que se cualificarán de 0 a 10, realizándose a media entre ambas, sempre que se alcancen os 4 puntos.

Para a súa corrección terase en conta: **parámetros de valoración dos estándares (laranxas e grises)**

- Coñecemento dos feitos. Dominio de los conceptos a abordar.
- Riqueza de vocabulario lingüístico e histórico; uso do vocabulario específico
- Claridade de conceptos: exposición ordenada e correcta localización espacial e temporal.
- Forma de expresarse correcta.
- Limpeza, orde e boa presentación
- Na elaboración do tema do exame haberán de estar os contidos dos apuntes do profesor e as ampliacións elaboradas nos comentarios de arte feitos polos alumnos.

A nota final de cada trimestre será a media destas cualificacións.

É moi importante ter en conta que estamos nun proceso de avaliación continua, e tamén que é obxectivo importante da materia desenrolar a capacidade do alumno de establecer relacións entre obras de distintos artistas e distintos períodos artísticos. Por isto, no departamento vemos pertinente a realización dun exame de varios períodos artísticos diferentes no que se poidan pedir ao alumno o establecemento de

ditas realcións. Este exame será realizado ao término da segunda avaliación e terá como referencia a materia impartida na primeira e a segunda avaliacións do presente curso. É necesario ter aprobado este exame para ter aprobada a materia.

20% da cualificación : Xunto ás cualificacións destas probas, valoraranse as actividades e exercicios do alumno e a actitude (comportamento, interese) formar parte de esta porcentaxe: **parámetros de valoración dos estándares**

- A) Tanto a nota do Caderno de Autor (Traballos de estudo plástico e técnico acerca das formas artísticas estudadas. Realizados na casa, presentados en forma de caderno no que se inclúen: debuxos, análises de obras artísticas, anotacións persoais...)
- Valórase: a orixinalidade, a adecuada presentación en tempo e forma, a elección de imaxes e textos significativos e de interese, enfoque global do caderno, uso adecuado de diversos materiais e técnicas no deseño de proxectos; Acerto e pertinencia na elección de temas a tratar. Capacidade da imaxe e texto de recoller e reflectir o dominio dos contidos traballados. O caderno de autor é unha actividade opcional. Se un alumno decide non facelo esta parte da puntuación será añadida ao resto de traballos realizados (recollidos nos puntos B e C).
- B) Traballos de Investigación e exposición en clase presencial ou online, individuais ou en grupo segundo os estándares de avaliación.
- Valorarase os dotes investigadores, e a adecuada presentación, a capacidade de traballo en grupo se é o caso, expresión oral e escrita correcta; Procura, obtención e tratamento de información na rede: Seguir as pautas e indicacións no proceso de traballo, datos e modo de entrega das tarefas. Dominio dos conceptos traballados.
- C) Actitude do alumno: participación activa e a actitude ante a materia; Participación en diálogos críticos e construtivos sobre o tema de estudo; Participación construtiva en actividades grupais; Interese, aprecio, respecto, gozar e valoración crítica das obras audiovisuais; Atender debidamente durante as explicacións do profesor; Cooperación.

-A exposición de cada estudante non excederá os 10 minutos. Elixirá o formato adecuado e os medios técnicos ou materiais necesarios para a presentación

Como proxectos, os máis frecuentes desagregase da seguinte maneira:

Para superar a avaliación do trimestre o alumno deberá alcanzar, como mínimo, 5 puntos.

Os alumnos que suspendan un trimestre terán a posibilidade de recuperar o mediante unha proba escrita ao comezo do seguinte trimestre.

Unha vez obtida a nota final redondearase ao número superior no caso de que as décimas superen ou igualem a 0,5. No caso de que as décimas sexan menores a 0,5 redondearase ao número inferior. A nota final de curso será a nota media das obtidas en cada unha das tres avaliacións. Do mesmo xeito que na nota de cada avaliación, o resultado desta media redondearase ao número superior ou inferior en función de se as décimas son superiores, iguais ou inferiores a 0,5.

A Nota obtida na Avaliación final terá como referencia a media aritmética das notas obtidas durante as tres avaliacións nas que se estrutura o curso pero valórase especialmente a capacidade do alumno de ir mellorando, de xeito que, aínda que a nota media as veces non alcance, se un alumno mellora moito durante o curso poderá obter unha cualificación maior.

(Os instrumentos e procedementos de avaliación e os criterios de cualificación mantense durante a modalidade on line e semipresencial, unicamente cambian materiais e metodoloxía como se explica nos apartados correspondentes da programación).

7.3 Criterios de promoción

Criterios de promoción (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)

8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación

Planificación	<ul style="list-style-type: none"> • Planifica a práctica docente tendo en conta os estándares de aprendizaxe. • Realiza a temporización tendo en conta as horas asignadas á materia e a duración dunha sesión de traballo. • Selecciona e secuencia os contidos de maneira progresiva e tendo en conta os aspectos particulares de cada grupo. • Planifica as clases de maneira aberta e flexible. • Selecciona e elabora os materiais e recursos didácticos para desenvolver a práctica docente na aula. • Establece criterios, procedementos e instrumentos de avaliación correlacionados cos estándares de aprendizaxe.
Motivación do alumnado	<ul style="list-style-type: none"> • Dá a coñecer a planificación da práctica na aula proporcionando unha visión de conxunto ao comezo de cada bloque de contidos e de cada sesión de traballo. • Establece canles de comunicación para que o diálogo sexa fluído dentro e fóra da aula. • Proporciona ao alumnado o apoio necesario durante o proceso de ensino-aprendizaxe. • Desenvolve actividades de diversos tipos e características introducindo elementos novos. • Fomenta un bo ambiente na aula. • Promove a participación activa do alumnado. • Fai posible a retroalimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos. • Relaciona os contidos, os proxectos e as actividades cos intereses do alumnado. • Organiza a aula para que o alumnado dispoña de espazo e recursos na realización de prácticas e proxectos. • Evita a repetición de proxectos a fin de introducir elementos novos que motiven ao alumnado.
Traballo na aula	<ul style="list-style-type: none"> • Resume e repasa ao comezo de cada sesión os contidos xa traballados en sesións anteriores. • Utiliza exemplos na introdución de novos contidos. • Resolve as dúbidas do alumnado dentro e fóra das sesións de traballo. • Establece tempos fóra das sesións de traballo para atender ao alumnado. • Utiliza diferentes soportes durante as sesións de traballo. • Selecciona prácticas, proxectos e actividades en xeral que permitan alcanzar os estándares de aprendizaxe e a adquisición das competencias clave.
Avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza a avaliación inicial a fin de tomar as medidas individuais ou colectivas necesarias. • Analiza os procesos e os resultados das prácticas, proxectos, exercicios, probas e actividades en xeral. • Establece medidas que permitan introducir melloras. • Fai posible a retroalimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos indicando os aspectos nos que o alumnado pode e debe introducir melloras. • Proporciona indicacións durante a realización do traballo práctico na aula. • Supervisa de forma continua a resolución de exercicios e realización de tarefas que se desenvolven durante as sesións de traballo. • Favorece os procesos de autoavaliación. • Propón actividades complementarias para resolver problemas que xorden durante o proceso de ensino-aprendizaxe. • Establece con claridade os criterios de avaliación e de puntuación. • Informa ao alumnado e ás súas familias dos resultados obtidos.

9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para aqueles alumnos que cursen fundamentos da arte II tendo pendente a materia de fundamentos da arte I, o mecanismo de recuperación da materia pendente consistirá na realización de dúas probas parciais. O departamento designará a unha das súas compoñentes para supervisar dito proceso. A profesora designada (que en condicións normais sería a que imparte fundamentos da arte I pero que pode ser calqueira outra das profesoras compoñentes do departamento dependendo de como estén repartidos os outros alumnos da convocatoria de pendentes) informará aos alumnos de: datas das probas, estrutura das mesmas, materia da que será examinado en cada unha de elas, indicarlle a ubicación da materia na aula virtual (apuntes, presentacións, material audiovisual...) e o horario de atención da profesora de referencia. Horario no que a profesora atenderá a dito alumno para explicacións puntuais ou por si surden dúbidas. No caso de non facer probas parciais, poderán presentarse a unha proba final no mes de maio. No caso de terse presentado aos exames por avaliación, a cualificación obtida será a media aritmética dos exames parciais. Se o alumno opta por facer tan só un examen final en maio, a nota será a obtida en dita proba. O alumno pode presentarse á proba final de maio despois de ter suspendido as probas parciais.

10. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato

Procedementos para acreditar os coñecementos necesarios

11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

Deseño da avaliación inicial

Avaliación inicial

A avaliación inicial realizaraa o equipo docente durante o primeiro mes do curso escolar co fin de coñecer e valorar a situación inicial do alumnado en canto ao grao de desenvolvemento das competencias clave e ao dominio dos contidos das distintas materias. Para iso terase que ter en conta a análise dos informes persoais da etapa ou o curso anterior

correspondentes ao alumnado do grupo, ademais doutros datos obtidos polo profesorado sobre o punto de partida desde o que o alumno ou a alumna inicia as novas aprendizaxes.

Medidas individuais e colectivas

A avaliación inicial terá unha finalidade exclusivamente orientadora e será o punto de referencia do equipo docente para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo por parte do mesmo e para a súa adecuación ás características e aos coñecementos do alumnado.

No caso de que esta avaliación inicial detecte a un alumno ou alumna que necesite de algunha medida de atención á diversidade a liña de actuación será a que define o seguinte apartado da presentación.

12. Medidas de atención á diversidade

Medidas de atención á diversidade

En colaboración co departamento de orientación se procurará detectar os casos dos alumnos que precisen medidas de atención especial e elaboraranse actividades ó seu nivel para conseguir que poidan avanzar na súa aprendizaxe, manteñan a motivación e reforen a súa autoestima.

O principio de atención á diversidade na aula debe entenderse como un modelo de ensino adaptativo, xa que debe atender a cada un dos alumnos de maneira individual. Neste sentido, será o persoal docente o que deseñe e desenvolva o currículo básico, adaptándoo ás necesidades peculiares de cada alumno. Como acontece en etapas educativas anteriores, no Bacharelato o alumnado presenta diferentes niveis de aprendizaxe en relación coa etapa de Educación Secundaria Obrigatoria. Con todo, o tratamento que se concede á atención á diversidade na etapa de Bacharelato móstranos características diferentes que o concedido na Educación Secundaria Obrigatoria. Desta forma, neste nivel educativo diversidade fai referencia á necesidade de ser atendidas desde adaptacións de acceso (recursos materiais, recursos organizativos e recursos humanos); sen chegar en ningún caso para tomar medidas curriculares significativas. Desde a aula, débese adoptar unha metodoloxía que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado na súa diversidade: propoñer actividades abertas, para que cada alumno realíceas segundo as súas posibilidades, ofrecer esas actividades cunha gradación de dificultade en cada unidade didáctica, organizar as aprendizaxes mediante proxectos que (á vez que lles motiven) axúdenlles a relacionar e aplicar coñecementos, aproveitar situacións de heteroxeneidade, como os grupos cooperativos, que favorezan a ensino-aprendizaxe. Neste sentido será a planificación de cada unidade didáctica, a programación e o seu desenvolvemento na aula o ámbito de actuación privilexiado para axustar a acción educativa á diversidade de capacidades, intereses e motivacións do alumnado.

Mostramos algúns ámbitos desde os que concretamos o tratamento á diversidade:

5.1. Desde os Contidos:

Concretamos cales son os contidos imprescindibles, comúns a todos os alumnos. Estes contidos son os que, de maneira directa ou indirecta, contribúen ao desenvolvemento de capacidades tales como a comprensión, a expresión (escrita, verbal, gráfica e artística), a procura e selección da información e a aprendizaxe de técnicas básicas usando ferramentas sinxelas. Finalmente, a elección, delimitación ou profundización duns contidos fronte a outros estará condicionada polas motivacións e intereses do alumnado.

5.2. Desde diferentes estratexias didácticas:

Utilizando diferentes posibilidades que favorezan o tratamento á diversidade. Algunhas das estratexias poden ser: actividades de aprendizaxe variadas que permiten diferentes graos de profundización dos contidos, recursos didácticos que permitan comprender os conceptos básicos, propostas de traballo abertas e variadas, e, por último, a formación de grupos de traballo que favorezan o traballo colectivo, onde se fomente a boa relación intragrupal e intergrupala e os alumnos poidanse axudar uns a outros.

5.3. Desde a avaliación:

Procurarase que a avaliación sexa o máis personalizada posible. Desta forma pódese coñecer moito mellor o progreso realizado por cada alumno, co que se lle pode orientar no proceso de ensino-aprendizaxe. Algúns métodos empregados nas unidades didácticas poderían ser: a toma de datos en relación coa motivación e grao de interese, revisión periódica do traballo diario e o grao de evolución e desenvolvemento dos contidos. Así mesmo consideraríase necesario detectar as debilidades e fortalezas do grupo en canto á adquisición de competencias clave e funcionamento interno a nivel relacional e afectivo. Iso permitirá planificar correctamente as estratexias metodolóxicas máis adecuadas, unha correcta xestión da aula e un seguimento sistematizado das actuacións en canto a consecución de logros colectivos.

13. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

Elementos transversais que se traballarán

A través do desenvolvemento dos distintos núcleos temáticos facilitaráselle ao alumno o coñecemento de temas e problemas aos que a nosa sociedade enfróntase, co fin de conseguir os seguintes fins:

- A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.

- A educación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos.

- A preparación para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.

Ocupan por tanto un lugar relevante a transmisión daqueles valores que favorecen a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, respecto e a xustiza, que constitúen a base da vida en común.

Exporemos estes temas mediante debates a medida que vaian xurdindo, en conexión coa explicación das distintas unidades da materia. Pretendemos que os alumnos adopten posturas críticas ante estes temas de tanta relevancia social, e que desenvolvan estratexias para a resolución de problemas.

A materia de Fundamentos da arte II ten en conta os temas transversais da seguinte maneira.

-Igualdade entre homes e mulleres:

Nos temas dedicados ás pintoras impresionistas Berthe Morisot, María Cassat, Camille Claudel Tamara de Lempicka ou Leni Riefensthal onde se resaltará que o xénero non debería ser impedimento para ser creador de calquera disciplina artística. Non se ocultará que durante a época na que viviron estas mulleres, a sociedade patriarcal eclipsó ou tentou eclipsar en moitas ocasións a creatividade feminina, aínda que a historia da arte contemporánea cada vez abriuse máis a rescatar a mulleres que caeran no esquecemento e situounas no lugar que corresponde. Proba diso é o propio temario da materia que introduce creadores non só de xénero masculino.

-Dereitos constitucionais.

A época da ilustración en España na época de Goya é propicia para desenvolver conceptos relacionados con este tema.

-Xustiza e equidade Estes valores explícanse cando se desenvolven os temas dedicados á revolución industrial, concretamente a arquitectura de ferro, que pese ao indubidable avance tecnolóxico que supuxo, tamén se minguaron dereitos fundamentais dos traballadores.

-A tolerancia cara ao diferente: O tema dedicado a Vincent Van Gogh servirá para introducir conceptos que fagan posible anular os prexuízos que se teñen cara ao diferente, cara ao distinto, subliñando as circunstancias ambientais, sociais, relixiosas e persoais que poden influír sobre o famoso pintor holandés. Tamén podería estenderse ás figuras de Francis Bacon e Jackson Pollock, personalidades complexas que hai que explicar nos seus termos correctos.

-Prevención da violencia e resolución pacífica dos conflitos: A materia complementa os seus contidos artísticos con outros de contexto social que dan lugar a explicar a tristes circunstancias que sumiron a Europa en dúas conflagracións mundiais e que tivo desgraciadas consecuencias para diferentes colectivos, como foron os mozos, os homosexuais ou os xudeus por poñer algúns casos. Falaremos destes temas no período das primeiras vangardas, no período de entreguerras, o expresionismo ou a nova obxectividade que se enfrontou ao totalitarismo do III Reich. Tamén é adecuado tratar estes temas no personaxe máis afamado de Gergé, Tintín, xa que é un exemplo de tolerancia con outras culturas.

-Iniciativa persoal: Calquera creador que rompeu cos esquemas da súa época debe ser tido en conta para romper co discurso imperante de que o emprendemento se circunscribe o ámbito empresarial e laboral, que as iniciativas persoais tamén teñen cabida no mundo da arte. Por iso trataremos de centrarnos na valentía de todos aqueles creadores que

derrubaron os paradigmas da súa época creando novos camiños e innovadoras linguaxes que serviron de guía para outras xeracións posteriores. Por exemplo falaríamos diso nos ismos ou en arquitectos como Lle Corbusier, Lloyd Wright ou

Van der Rohe, que ademais de revolucionar as formas arquitectónicas sempre tiveron en mente o mellor vivir do ser humano.

-Riscos derivados das TIC: A última parte do programa fai énfase no Net Art e nas tecnoloxías da información e a comunicación, o que pode servir de pretexto para tratar o tema das redes sociais e a súa incidencia na privacidade, os dereitos de autor, a despersonalización da sociedade, etc

14. Actividades complementarias e extraescolares

Actividades complementarias e extraescolares

. O departamento de debuxo participa e organiza bastantes actividades extraescolares cos alumnos de debuxo artístico. Algunha de elas

incorpóranse ao currículo e toman forma de traballos a través dos cales estudamos os contidos básicos da materia: Carteis contra a violencia de xénero, postais de nadal, elaboración da axenda escolar, cartel das letras galegas, concurso fotográfico sobre o Ribeiro, colaboración na realización da revista escolar.....

Por outra banda, é intención do departamento de debuxo é realizar unha visita cultural especialmente dedicada aos alumnos de esta materia. O que se pretende é realizar una visita a algún dos museos que temos na comunidade (Ourense, Vigo, Coruña ou Santiago) ou calquera outra ofertada ao centro e que resulte de interese para os alumnos (sempre que traballe contidos impartidos nas materias adscritas ao departamento). Antes de organizar a visita o departamento estuda a programación de cada un de se decide a visita (sempre tendo en conta as exposicións que ofertan os museos e como se axustan estas á programación, a os aspectos nos que o departamento que profundar). Como consecuencia da situación xerada pola pandemia, o pasado curso non houbo actividades extraescolares e sospeitamos que o presente curso a situación sexa similar, ou que se poidan realizarse actividades pero con grandes limitacións. Estaremos atentos ás novas disposicións e, se a situación o permite, participaremos en actividades extraescolares que enriquezan dalgunha forma o proceso de aprendizaxe dos nenos.

Quedará constancia nas correspondentes actas do departamento e na memoria final do curso de xeito detallado do que fagamos neste sentido, así como das actividades extraescolares anteriormente citadas (concurso fotográfico, de postais, de carteis...),

15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación

Como nas outras materias do departamento, a finais de cada trimestre farase un análise do traballo levado a cabo, de forma que poida ser avaliado a finais de curso para poder realizar a memoria e a programación do curso seguinte, reducindo, ampliando ou modificando a mesma. Darase moita importancia a avaliación dos contidos, o tipo de actividades levadas a cabo, o plantexamento das actividades e a dinámica de grupos para revisar e modificarlos, se fose necesario. Hai que ter sempre en conta a avaliación inicial, que será a que nos indicará o nivel aproximado do alumnado para poder finalizar e encamiñar no curso a programación establecida. Dentro do análise da propia programación didáctica do curso hai que ter en conta: -Se se vai consultando a propia programación ó longo do curso. -Si se van cumprindo as competencias básicas. -As ferramentas de avaliación. -As posibilidades de cumprir a programación en cada curso. -Se saben @s alumn@s a programación, a metodoloxía e os criterios de cualificación empregados (uso da programación de aula). -Si se introducen na programación algún dos temas ou actividades propostas polo alumnado. -Si se vai enriquecendo e reforzando a materia ó longo do curso. Cada unha das avaliacións debe ser un instrumento de mellora para a propia programación. Os datos que se van obtendo son útiles para obter melloras que poidan servir para modificar a programación para adaptala mellor ás propias necesidades dos alumn@s. Estes datos teñen que servir para mellorar a avaliación propia durante o curso, non só ó final xa que se non non será produtivo para ese curso. Durante cada trimestre servirá para identificar lagoas, aspectos que supoñen algunha dificultade para o alumnado ou necesidades de aumentar actividades de reforzo ou ampliación. Realmente será unha avaliación que vai a servir como ferramenta de mellora durante o propio curso e para os vindeiros cursos.